

**Expediente:** 27/142**ASUNTO:** INFORME AO PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2014

Remítese a esta Intervención Xeral Municipal o proxecto de Orzamento do Concello de Vigo que rexerá para o ano 2014, para a emisión do preceptivo informe.

Antes de proceder a dar cumprimento ao requirido pola lexislación de Réxime Local, é preciso sinalar, que os Orzamentos dos Organismos Autónomos Administrativos xa foron informados, polo que, farase o informe en relación co orzamento da Entidade Local e os seus estados consolidados.

No entanto o anterior, os informes sobre o cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, así como o correspondente ao cumprimento da Regra de Gasto, terán o perímetro consolidado.

O artigo 168.4, do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece a obriga legal de que a Intervención informe o proxecto do Orzamento da Entidade.

#### *Lexislación aplicable*

O expediente que conforma o proxecto do Orzamento da Entidade Local está suxeito ao regulado polo seguinte ordenamento xurídico:

Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP), polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

Artigo 4.1.g) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro.

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. (LOEOeSF).

Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 1 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local. (LBRL).

Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Orde de Economía e Facenda 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades.

Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2013.

Lei 22/2013, de 23 de decembro, de dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014.

Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

Con carácter supletorio, pola Lei 47/2003, de 26 de novembro pola que se aproba a Lei Xeral Orzamentaria.

*Documentación que conforma o expediente*

Dous libros: un referido ao Orzamento da Entidade e outro aos Estados Consolidados.

Memoria asinada polo Sr. Alcalde-Presidente da Corporación.

Bases de Execución do Orzamento.

Informe Económico de Gastos.

Informe Económico de Ingresos.

Resumo da Liquidación do ano 2013.

Plantilla, Cadro de persoal, informe sobre a plantilla e instrucións para formación da mesma.

Estado da débeda, incorporando un escenario para tres anos 2014-2016, principal, xuros, anualidade teórica de amortización e carga financeira.

Relación de operacións de gasto de capital non financeiro e financiamento asociado.

Relación de investimentos anual e o PAIF dos tres próximos anos.

Expediente administrativo, conformado pola proposta e oficios de carácter interno.

O Orzamento dos Organismos Autónomos está conformado por un libro cada un e os acordos das Xuntas Reitoras en relación a proposta feita.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 2 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Se incorporará o informe de fiscalización

En expediente separado se incorporará:

Informe sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria.

Informe sobre o cumprimento da Regra de Gasto.

Vista a documentación que conforma o expediente, este servizo de control e fiscalización en cumprimento do previsto no artigo 168, do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, informa o seguinte:

#### *Integración do Orzamento*

O Orzamento Xeral do Concello de Vigo está conformado polo da propia Entidade Local e os seus Organismos Autónomos Administrativos dependentes da mesma, en consecuencia, o orzamento está integrado polo da:

- Entidade Local (EL).
- Instituto Municipal dos Deportes (IMD).
- Parque das Ciencias Vigo Zoo (VIGOZOO).
- Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO).
- Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU).

#### *Órgano competente para a súa aprobación*

En canto ao Órgano competente, de conformidade co previsto no artigo 168.2 do TRLRHL e artigo 18.2 do R.P., a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación, será aprobado por la Xunta de Goberno Local e someterá a aprobación do mesmo ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión de Economía e Facenda. A aprobación esixe o voto favorable da maioría simple do número de membros que forman o Pleno, conforme o artigo 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, pola que se aproban as Bases de Réxime Local.

O expediente que recolle o Proxecto de Orzamento para o ano 2014, tramítase fóra dos prazos previstos, o artigo 168.2 do TRLRHL, establece a aprobación inicial do proxecto antes do 15 de outubro do ano anterior ao que vai ter os efectos. A tramitación en datas posteriores, non invalida o orzamento, xa que a propia Lei, no artigo 169.6 e o artigo 21 do RD 500/1990, establecen a prórroga en tanto non entra en vigor o novo orzamento.

En consecuencia co anterior, o Proxecto de Orzamento que está en trámite, unha vez que teña a preceptiva aprobación definitiva e entre en vigor, terá os efectos desde o día un de xaneiro do ano 2014, e en el se recollerán todas as operacións feitas até esa data no orzamento prorrogado. Como consecuencia



diso, as modificacións orzamentarias que se fixeran no orzamento prorrogado entenderanse feitas sobre o orzamento que se aprobe.

O artigo 168.1 do TRLRHL, establece que o Orzamento estará integrado polo da propia Entidade os seus Organismos Autónomos e os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís de capital integramente da entidade local.

O Proxecto do Orzamento do Concello de Vigo, tan só está integrado polo da propia Entidade e os dos seus Organismos Autónomos Administrativos tal e como queda reflectido, non existindo estados de previsión algún a incluír, xa que o Concello ten unha participación minoritaria do 10 por 100 na Empresa de Servizos Mortuorios de Vigo. Inicialmente existía unha empresa mixta como forma de xestión indirecta, a partires da liberalización do servizo pola entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 7/1996, de 7 de xuño, transformouse a forma de prestación, e a Entidade Local quedouse coa porcentaxe de capital citado. A nova forma xurídica créase o 27/09/2001. Tamén se mantén unha participación minoritaria do 1,37 por 100 no capital da Sociedade Universitaria SA, sendo o importe desta participación de 50.726,25 euros. O obxecto social desta sociedade mercantil é a xestión da cidade universitaria de Vigo.

En canto aos Orzamentos dos Organismos Autónomos dependentes da Entidade Local, foron sometidos á proposta das súas respectivas Xuntas Reitoras e Consellos e preséntanse por separado. No entanto o anterior, en cumprimento do previsto no artigo 166.1.c) do TRLRFL, sen prexuízo da súa individualización, preséntase un estado consolidado conformado polo Orzamento da Entidade Local e os seus Organismos Autónomos. A consolidación efectúase polo procedemento de integración total, eliminando as aplicacións nos respectivos orzamentos de gastos e os conceptos nos estados de ingresos que son comúns que se producen entre a Entidade Local, os seus organismos e viceversa. O proceso de consolidación efectúase a todos os niveis, tendo en conta a natureza económica como a de programas. En calquera caso, o Orzamento dos Organismos Autónomos son sempre de tipo operativo, e teñen como finalidade a de facer fronte á actividade ou actividades que foron obxecto de desconcentración polo Pleno da Corporación. Os artigos orzamentarios que son obxecto de eliminación nos estados consolidados son: (40,41,70 e 71), que recollen as relacións entre a Entidade e os OO.AA e a destes coa Entidade.

En relación co Orzamento da Instituto Municipal dos Deportes, contén un superávit de inicio de 77.128,62, cuxo obxecto é o de dar cumprimento ao previsto no artigo 193.3 do TRLRFL. O orzamento do ano 2013, tamén foi aprobado cun superávit de 290.890,88 euros, contía que era coincidente co Remanente de Tesourería negativo da Liquidación do orzamento do ano 2011. Polo tanto, o superávit previsto no Orzamento do Organismo Autónomo, correspóndese co Remanente de Tesourería negativo da Liquidación do Orzamento do ano 2012.

Os axustes nos créditos que ten o Organismo, son consecuencia do seu funcionamento ordinario, hai un traspaso de créditos da aplicación 3420.2279901, na que se dotaban os devengos que producía o contrato de prestación de servizos auxiliares, que despois das sentenzas firmes do Xulgado do Social nº 2 de Vigo (170/2013) e Súplica do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pasaron a ter unha relación laboral indefinida, que se manterá entanto non se regularice coa execución dunha Oferta de Emprego Público ou



mediante os procesos e procedementos que regula o Estatuto dos Traballadores, de aí que se produza un aumento do capítulo I e unha redución do capítulo II.

En relación coa Sentenza, hai que analizar se os traballadores que se atopan nesta situación teñen a consideración xurídica de fixos discontinuos tal e como se desprende do Fundamento de Dereito SEGUNDO ou se por razón do servizo e necesidades, se consideran na situación ordinaria de indefinidos.

En canto aos ingresos que se prevén recadar, hai un axuste a baixa no capítulo III, sendo o obxectivo, axustar estes á realidade da recadación que está prevista para do ano 2013, ademais, tamén, evitar que se repitan os resultados negativos do remanente de tesourería de anos anteriores.

En canto ao Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, non hai cambios salientables, fanse axustes tanto nos empregos como nos recursos, sempre de carácter adaptativo a situación da propia economía e das previsións da variación das grandes variables económicas publicadas polo Ministerio de Economía ou o de Facenda, así como outras institucións, FMI, Comisión Europea Banco Central Europeo, etc. en canto a variación do PIB previsto para o ano 2014. Non hai variación cuantitativa do gasto, producíndose unha adaptación do capítulo I pola incorporación do Plan de Pensións. En canto aos ingresos, axústase o capítulo III cunha minoración do 11,68 por 100, facendo unha previsión máis axustado ao que aconteceu no ano 2013. A variación á baixa da transferencia da Entidade, e consecuencia da achega extraordinaria que fixo a Entidade Local nos dous últimos anos para facer fronte ao Remanente de Tesourería para gastos xerais negativo das Liquidacións 2011-2012.

Como consecuencia dos axustes da propia situación da economía, hai unha dependencia dos OO.AA da entidade matriz, non dispoño estes de competencia legal nin mecanismos que poidan mudar a tendencia entre gastos e ingresos. Por elo, se está a manter ou reducir os gastos dentro das posibilidades de funcionamento, coa excepción que supón, a inclusión de sentenzas que poida alterar a contía do gasto, que en ningún caso, é o resultado do funcionamento dos OO.AA nin vai ter un carácter permanente.

Consecuencia do anterior, os Orzamentos do OO.AA, manteñen unha estabilidade, e están a coadjuvar no cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e no da Regra de Gasto, sendo estes obxectivos, xuntamente co de endebedamento, os que teñen que estar a cumprirse en todo o Sector Público.

#### *Contido legal que debe conter o expediente do orzamento*

O Orzamento municipal deberá ter o seguinte contido.

- O estado de gastos, nos que se inclúe, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender o cumprimento das obrigas e o plan de investimentos previstos.
- O estado de ingresos, no que figuran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.
- As Bases de Execución.



### *Anexos*

- Memoria explicativa do seu contido e as principais modificacións en relación co orzamento vixente.
- Liquidación do orzamento do exercicio anterior e un avance do corrente, referida, polo menos a seis meses do mesmo.
- Anexo da Plantilla de persoal.
- Anexo de investimentos a realizar no exercicio.
- Un informe económico-financeiro, no que se expoñan as bases de cálculo utilizadas para a avaliación dos ingresos, e a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.
- O estado de consolidación do orzamento da propia entidade co de tódolos orzamentos e estados de previsión dos seus organismos autónomos e sociedades mercantís.
- O estado de previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle das operacións de crédito ou de endebedamento pendentes de reembolso ao principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ao longo do exercicio e do volume de endebedamento ao peche do exercicio económico, con distinción das operacións a curto prazo, operacións a longo prazo, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o mesmo exercicio.
- O plan de investimentos que deberá coordinarse, no seu caso, co programa de actuación e plans de etapas de plan urbanístico, completarse co programa financeiro, que conterá:
  - a) O investimento previsto a realizar en cada un dos catro exercicios.
  - b) Os ingresos por subvencións, contribucións especiais, cargas de urbanización, recursos patrimoniais e outros ingresos de capital que se prevean obter nos devanditos exercicios, así como unha proxección do resto dos ingresos previstos no citado período.
  - c) As operacións de crédito que resulten necesarias para completar o financiamento, con indicación dos custos que vaian xerar.
- O informe da Intervención.

### *Documentación que contén o expediente*

1.- Un orzamento conformado polo estado de gastos e de ingresos, axustando a súa estrutura ao previsto na Orde do Ministerio de Economía e Facenda 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais, publicada no BOE número 297 de 10 de decembro. O orzamento da entidade atópase equilibrado, ascendendo tanto o estado de gastos como o de ingresos a 225.690.755,49 euros, supón unha baixa do 0,16% en relación co ano 2013.

En canto aos estados consolidados tamén están equilibrados, sendo os importes do estado de gastos 228.089.854,47 euros, baixa un 0,00% , e o de ingresos, 228.166.983,09 euros, baixa un 0,30%, tendo un



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 03/04/2014 10:21	Páxina 6 de 61
Expediente 27/142	Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

superávit inicial para facer fronte o Remanente de Tesourería negativo da Liquidación do Instituto Municipal dos Deportes correspondente o ano 2012 por unha contía de 77.128,62 euros.

Cúmprese en consecuencia, coa esixencia do artigo 165.4 do TRLRFHL e 16.1 do RD 500/90 de que o Orzamento apróbese sen déficit inicial, ao atoparse á vista das cifras anteriores formalmente equilibrado, igual requisito é observado polos restantes proxectos de Orzamento dos OO.AA. que integran o Xeral, así como o orzamento consolidado, cuxas cifras son as que figuran no parágrafo precedente.

En cumprimento do previsto no artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, no prazo establecido, remitíronse as liñas fundamentais do orzamento e dos estados financeiros, que no ano 2013, o MINHAP, nun só prazo, solicitou tanto as liñas fundamentais como os marcos orzamentarios, polo que tamén, formaron documentación do orzamento, os marcos orzamentarios para os tres próximos anos (2014-2016). En canto ao marco orzamentario de medio prazo para o período 2015-2017, foron xa remitidas ao MINHAP no mes de marzo, cuxa Resolución do Sr. Alcalde de data 10/03/2014, deuse conta ao Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria de data 31/03/2014.

2.- En canto ao cumprimento de achegar a Liquidación do Orzamento correspondente ao ano 2012 e un avance da do ano 2013, ao estar xa Liquidado o Orzamento do ano 2013 informada e aprobada por Resolución do Sr. Alcalde Presidente de 5 de febreiro de 2014, dando conta da mesma ao Pleno do Concello na sesión do 31 de marzo do mesmo ano, non procede enviar avance algún, polo que, forma parte do expediente, o resumo da devandita Liquidación. Ademais, en cumprimento do previsto no artigo 16 da Orde HAP/2105/2012 e dos requirimentos do MINHAP, vense elaborando e remitindo con carácter trimestral unha previsión de Liquidación dos orzamentos a trimestralmente, polo tanto, tendo en conta que o gasto computable do orzamento do ano 2014 nos termos previstos no artigo 12 da LOEOeSF, non pode superar a Liquidación do ano 2013 cun crecemento da TRCPIB do 1,5%, e, a súa vez, a Liquidación do ano 2013, non pode superar a da Liquidación do gasto computable do ano 2012 cunha TRCPIB do 1,7%, a Liquidación do ano 2013 conforma a base de cálculo do Orzamento do ano 2014. Axúntase como documentación, o cadro resumo da Liquidación do ano 2013, tanto da Entidade como dos OO.AA e o estado consolidado.

3.- O informe económico-financeiro tanto de ingresos como de gastos, no que se expresan as porcentaxes de cada un dos distintos capítulos de gastos así como unha explicación das principais variacións e composición do mesmo. En canto ao informe económico de ingresos, faise unha xustificación polo miúdo das bases de cálculo utilizadas para a obtención das previsións de ingresos, así como a variación que experimenta en relación co ano precedente e a súa motivación. Incorpórase na documentación a notificación do Ministerio de Facenda en canto a Cesión nos Tributos do Estado e o Fondo Complementario de Financiamento.

4.- Memoria explicativa do Sr. Presidente na que analízanse os principais obxectivos deste Orzamento, así como as principais variacións en relación co ano anterior, recollendo na mesma os acordos recollidos no pacto sobre a formación do Orzamento do ano 2014.

5.- Anexo de persoal no que figura os traballadores ao servizo da Entidade, informe a plantilla,



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 03/04/2014 10:21	Páxina 7 de 61
Expediente 27/142	Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

instrucións e outra documentación.

6.- Os estados Consolidados.

7.- O plan de investimentos a executar así como a cualificación do seu financiamento.

8.- O estado de previsión de movementos e situación da débeda, cun escenario para o período 2014-2016, na que se detalla a composición actual, as previsións de concertacións de operacións para o período descrito, así como os custos financeiros, as amortizacións previstas, a carga financeira e a anualidade teórica de amortización das operacións vivas e as previstas.

Nos pasivos a concertar, está prevista operación para os anos 2014 e 2016 polas contías que se amortiza neses anos. Se se adoptasen acordos en relación cunha amortización extraordinaria de débeda, e como consecuencia desa decisión a amortización ordinaria de débeda do período 2015-2016 fose menor, a concertación da operación do ano 2016, sería obxecto de axuste á baixa.

As amortizacións extraordinarias de débeda, ao non estar previstas inicialmente no orzamento, serán con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería que xurda da Liquidación de cada ano.

9.- Bases de Execución do orzamento.

A documentación que conforma o expediente, cumpre co previsto no artigo 168.1 do TRLRHL e concordantes do R.P., axustándose polo tanto aos requisitos legais que esixe o ordenamento xurídico que lle é de aplicación.

En canto ás dotacións e estimacións que conforman o Orzamento da Entidade e os estados Consolidados, o cadro comparativo da distribución por Áreas de gasto, faise en aplicación da estrutura orzamentaria aprobada pola ORDE EHA/3565/2008, de 3 de decembro son os seguintes:

#### CLASIFICACIÓN POR ÁREAS DE GASTOS (Entidade e Estados Consolidados)

Estado de gastos do Orzamento Entidade Local				Estado de gastos do Orzamento Consolidado			
Ano 2013		Ano 2014		Ano 2013		Ano 2014	
Área	Importe	Importe	Variación	Área	Importe	Importe	Variación
0	11.341.584,67	7.852.074,46	-30,77%	0	11.341.584,67	7.852.074,46	-30,77%
1	115.003.470,09	115.725.914,94	0,63%	1	114.356.486,33	115.392.343,88	0,91%
2	17.163.814,06	19.135.266,68	11,49%	2	17.163.814,06	19.135.266,68	11,49%
3	32.480.036,61	34.020.689,93	4,74%	3	35.156.462,71	36.753.359,97	4,54%
4	14.338.801,18	15.381.029,28	7,27%	4	14.338.801,18	15.381.029,28	7,27%
9	35.721.667,54	33.575.780,20	-6,01%	9	35.721.667,54	33.575.780,20	-6,01%
Total	<b>226.049.374,15</b>	<b>225.690.755,49</b>	0,16%	Total	<b>228.078.816,49</b>	<b>228.089.854,47</b>	0,00%

O máis salientable da análise das áreas de gasto, é a diminución da Área de gasto 0, débeda pública, que ten unha diminución do 30,77% en relación co ano anterior. A causa, está relacionada co baixo nivel de endebedamento por mor da amortización extraordinaria que se fixo no ano 2013.





A área de gasto 1 (Servizos Públicos Básicos), aquí están integrados os programas de mantemento viario, mantemento de alumado, servizo de limpeza viaria e recollida de residuos sólidos urbanos, protección do medio ambiente, seguridade e mantemento do orde público, ten un crecemento do 0,63%, sendo a causa o incremento no custo do tratamento dos residuos por SOGAMA. O servizo de recollida e tratamento de RSU, ten un crecemento do 5,29%

A Área 2 (Protección e Promoción Social), onde está Benestar Social, medra un 11,49%. Nesta Área inclúense os programas de axuda a alimentos, alugueiros e pobreza enerxética. Auméntase a dotación a becas de comedor e situacións de emerxencia. O grupo de programa 231, medra un 22,52%.

A área de gasto 3 (Producción de bens de carácter preferente), na que se inclúe entre outros, os programas de educación, museos e deportes, ten un crecemento do 4,74%, medran os programas educativos e programas culturais e museos.

A área 4, de comercio, transporte, turismo, ten un crecemento do 7,27%, basicamente pola actualización dos programas sociais do transporte urbano colectivo e conxelación do custe dos bonos e polo aumento nos programas de Comercio e Turismo.

Medran todas as Áreas de Gasto coa excepción da que conforma a débeda pública, polo que a súa baixa posibilita o crecemento do resto e a Área 9, que conforma os servizos xerais.

#### ORZAMENTO COMPARATIVO DO ESTADO DE GASTOS ANO 2013-2014 ATENDENDO A NATUREZA ECONÓMICA (Entidade e Estados Consolidados)

Capítulo	Entidade Local			Estados Consolidados		
	Importe 2013	Importe 2014	+/- .%	Importe 2013	Importe 2014	+/- %
1 Gastos de persoal	58.911.357,92	58.906.358,70	-0,01%	66.866.480,22	67.151.826,18	0,43%
2 Gasto, c. bens e servizos	104.198.884,00	107.182.711,49	2,86%	111.781.417,34	114.417.857,15	2,36%
3 Gastos financeiros	2.234.922,66	1.063.719,00	-52,40%	2.234.952,66	1.063.749,00	-52,40%
4 Transferencias correntes	37.111.283,94	39.125.482,62	5,43%	23.463.392,62	25.907.876,56	10,42%
5 Fondo de Continxencia		200.000,00	100,00%		200.000,00	100,00%
6 Investimentos reais	12.753.207,36	10.846.071,96	-14,95%	13.307.737,74	11.331.016,22	-14,85%
7 Transferencias de capital	1.120.056,26	965.056,26	-13,84%	626.133,42	546.133,42	-12,78%
8 Activos financeiros	601.000,00	601.000,00	0,00%	680.040,48	671.040,48	-1,32%
9 Pasivos financeiros	9.118.662,01	6.800.355,46	-25,42%	9.118.662,01	6.800.355,46	-25,42%
<b>Total</b>	<b>226.049.374,15</b>	<b>225.690.755,49</b>	<b>-0,16%</b>	<b>228.078.816,49</b>	<b>228.089.854,47</b>	<b>0,00%</b>

A variación á alza é a correspondente ao capítulo II, que ten a súa orixe na dotación para a apertura de dúas escolas de educación infantil, a actualizacións de prezos de determinados contratos, e a que está a ter unha maior repercusión, e o incremento do custo do servizo de tratamento do RSU. Os demais capítulos, coa excepción do IV, polos programas sociais e pola maior subvención aos usuarios do transporte urbano colectivo, teñen axuste á baixa.



**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO DE GASTOS (Entidade e Estados Consolidados)**

Capítulo	Descrición	Empregos	
<b>Operacións correntes</b>			
		Entidade Local	Estados Consolidados
I	Gastos de persoal	58.906.358,70	67.151.826,18
II	Gastos correntes en bens e servizos	107.182.711,49	114.417.857,15
III	Gastos financeiros	1.063.719,00	1.063.749,00
IV	Transferencias correntes	39.125.482,62	25.907.876,56
V	Fondo de Continxencia	200.000,00	200.000,00
<b>Total empregos por operacións Correntes non financeiras</b>		<b>206.478.271,81</b>	<b>208.741.308,89</b>
<b>Operacións de capital</b>			
VI	Investimentos reais	10.846.071,96	11.331.016,22
VII	Transferencias de capital	965.056,26	546.133,42
<b>Total empregos por operacións de capital non financeiras</b>		<b>11.811.128,22</b>	<b>11.877.149,64</b>
<b>Total empregos por operacións non financeiras</b>		<b>218.289.400,03</b>	<b>220.618.458,53</b>
VIII	Activos financeiros	601.000,00	671040,48
IX	Pasivos financeiros	6.800.355,46	6.800.355,94
<b>Total empregos por operacións de capital financeiras</b>		<b>7.401.355,46</b>	<b>7.471.396,42</b>
<b>Total Operacións de Capital</b>		<b>19.212.483,68</b>	<b>19.348.546,06</b>
<b>TOTAL XERAL GASTOS</b>		<b>225.690.755,49</b>	<b>228.089.854,95</b>

**ORZAMENTOS DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS (Estado de gastos e ingresos)**

Capítulo	IMD		Xerencia Urbanismo		EMAO		P. Ciencias Vigo Zoo	
	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos
I	2.650.400,00		3.700.082,98		991.389,50		903.595,00	
II	5.220.881,16		1.201.363,98		244.448,88		568.451,64	
III		2.403.421,68		1.216.624,14	,00	,00	30,00	350.024,64
IV	29.164,52	5.564.152,62	1.677.065,99	5.383.269,44	,00	1.225.826,36	14.800,00	1.144.181,64
V		10.000,00	,00	16.870,79	,00	10.012,02	,00	20.440,36
VI	60.000,00		378.251,42		18.922,84		27.770,00	
VII	,00	60.000,00		340.000,00	,00	18.922,84	,00	
VIII	24.040,48	24.040,48	25.000,00	25.000,00	12.000,00	12.000,00	9.000,00	9.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>7.984.486,16</b>	<b>8.061.614,78</b>	<b>6.981.764,37</b>	<b>6.981.764,37</b>	<b>1.266.761,22</b>	<b>1.266.761,22</b>	<b>1.523.646,64</b>	<b>1.523.646,64</b>



**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO DE INGRESOS (Entidade e Estados Consolidados)**

Capítulo	Descrición	Recursos	
<b>Operacións correntes</b>			
		Entidade Local	Estados Consolidados
I	Impostos Directos	102.241.340,00	102.241.340,00
II	Impostos Indirectos	6.501.120,00	6.501.120,00
III	Taxas, Prezos públicos e outros ingresos	35.251.477,40	39.221.547,86
IV	Transferencias correntes	71.116.818,09	69.495.611,58
V	Ingresos Patrimoniais	3.180.000,00	3.237.323,17
<b>Total recursos por operacións Correntes non financeiras</b>		<b>218.290.755,49</b>	<b>220.696.942,61</b>
<b>Operacións de capital</b>			
VII	Transferencias de capital	,00	,00
<b>Total recursos por operacións de capital non financeiras</b>		<b>,00</b>	<b>,00</b>
<b>Total recursos por operacións non financeiras</b>		<b>218.290.755,49</b>	<b>220.696.942,61</b>
VIII	Activos financeiros	600.000,00	670.040,48
IX	Pasivos financeiros	6.800.000,00	6.800.000,00
<b>Total recursos por operacións de capital financeiras</b>		<b>7.400.000,00</b>	<b>7.470.040,48</b>
<b>Total Operacións de Capital</b>		<b>7.400.000,00</b>	<b>7.470.040,48</b>
<b>TOTAL XERAL INGRESOS</b>		<b>225.690.755,49</b>	<b>228.166.983,09</b>

*Estabilidade orzamentaria*

**CADRO RESUMO DE CAPACIDADES E NECESIDADES DE FINANCIAMENTO (Entidade, Organismos Autónomos Administrativos e Estados Consolidados)**

Organismo	Gastos		Ingresos		Capacidade	
	Cap. I-VII. GNF	Cap.VIII-IX GF	Cap. I-VII. INF	Cap.VIII-IX IF	INF-GNF	IF-GF
<b>Entidade Local</b>	218.289.400,03	7.401.355,46	218.290.755,49	7.400.000,00	1.355,46	-1.355,46
<b>OA. X.M.U.</b>	6.956.764,37	25.000,00	6.956.764,37	25.000,00	,00	,00
<b>OA. IMD</b>	7.960.445,68	24.040,48	8.037.574,30	24.040,48	77.128,62	,00
<b>OA. EMAO</b>	1.254.761,22	12.000,00	1.254.761,22	12.000,00	,00	,00
<b>OA. VIGO ZOO</b>	1.514.646,64	9.000,00	1.514.646,64	9.000,00	,00	,00
<b>E. Consolidados/axuste</b>	235.976.017,94	7.471.395,94	236.054.502,02	7.470.040,48	78.484,08	-1.355,46
<b>Axustes de consolidación</b>	-15.357.559,41	,00	-15.357.559,41	,00		
<b>E. Consolidados/c.axuste</b>	220.618.458,53	7.471.395,94	220.696.942,61	7.470.040,48	78.484,08	-1.355,46



Os orzamentos, en termos de recursos e empregos previsionais, dan cumprimento ao principio de estabilidade orzamentaria, todo elo con independencia da emisión do informe que se incorpore ao expediente ao obxecto do previsto no apartado 2 do artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro e o artigo 11 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. O devandito informe, que ten carácter independente do previsto no artigo 168.4 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, será posto a disposición do Pleno da Corporación en expediente independente. En todo caso, os Orzamentos que se presentan dan cumprimento ao obxectivo de estabilidade orzamentaria nos termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC95) aprobado polo Regulamento (CE) 2223/96 do Consello da Unión Europea, de 25 de xuño de 1996 como se amosa neste informe. Ademais de dar cumprimento os estados consolidados, tamén cumpre este requisito cada un dos OO.AA que dependen da Entidade Local.

#### CADRO DE AXUSTES PARA A OBTENCIÓN DOS ESTADOS CONSOLIDADOS

Organismo	Estado de Gastos		Estado de Ingresos	
	Capítulos		Capítulos	
	IV	VII	IV	VII
<b>Entidade Local</b>	13.257.406,06	418.922,84	1.681.230,51	
<b>OA. X.M.U.</b>	1.652.065,99		5.323.269,44	340.000,00
<b>OA. IMD</b>	29.164,52		5.564.128,62	60.000,00
<b>OA. EMAO</b>			1.225.826,36	18.922,84
<b>OA. VIGO ZOO</b>			1.144.181,64	
<b>Total</b>	<b>14.938.636,57</b>	<b>418.922,84</b>	<b>14.938.636,57</b>	<b>418.922,84</b>

Os axustes nos estados consolidados afectan ás transferencias internas entre a entidade Local e os seus organismos autónomos, os artigos que son obxecto da integración son: 40,41,70 e 71 dos estados de gastos e ingresos dos orzamentos tanto da Entidade como dos organismo autónomos dependentes da matriz, que supoñen unha minoración da suma total dos orzamentos.

Os axustes están a tomarse tamén en consideración aos efectos do cálculo da estabilidade orzamentaria e da Regra de Gasto.

Da totalidade dos orzamentos de ingresos dos OO.AA, que suman 17.833.787,01 euros, a Entidade Local, unha vez deducida a transferencia que fan algúns dos organismos polo persoal adscrito (1.681.230,51 euros), e deducido o financiamento do Remanente Líquido de Tesourería do ano 2012 pola contía de 77.128,62 euros, financia 11.917.969,77 euros, e dicir, o 73,78 por 100, fronte ao 79,04 por 100 do ano 2013 dos estados de gastos, deducida a transferencia que estes fan ao Orzamento da Entidade matriz.



*Marcos orzamentarios.*

O artigo 6 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información prevista na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece que antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente forneza o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus Orzamentos anuais.

O artigo 15 dá Orde, fixa no un de outubro a data para a remisión das liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte ou dos estados financeiros.

No ano 2013, o MINHAP, nun só prazo, solicitou tanto as liñas fundamentais como os marcos orzamentarios, así o fai constar o Ministerio na Guía editada para o artellamento dous marcos orzamentarios.

En cumprimento da subministración de información, con data 25 de setembro, previa proposta desta Intervención Xeral, O Sr. Alcalde-Presidente, resolveu sobre os marcos orzamentarios, que foron enviados dentro do prazo previsto, antes do 1 de outubro, do que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria de data 28 de outubro de 2013.

En canto aos marcos orzamentarios do período 2015-2017, foron xa remitidos ao MINHAP no mes de marzo, cuxa Resolución do Sr. Alcalde de data 10/03/2014, deuse conta ao Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria de data 31/03/2014.

O Proxecto de orzamento que se presenta a informe, cumpre coas cifras enviadas, coa excepción dos axustes propios da formación que non afecta a contía total, sendo estas as variacións que presenta o orzamento en relación co marco orzamentario.

*Taxa de referencia de crecemento da economía española a medio prazo.*

En canto á taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española (TRCPIB), estaba fixada para o período 2013-2015 no 1,7%, 1,7% e 2%.

De acordo co artigo 15.5 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria, correspóndelle ao Ministerio de Economía e Competitividade elaborar periodicamente un informe de situación da economía española.

O devandito informe conterà, entre outras informacións, a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, que limitará, en cumprimento do artigo 12 da LOEOeSF, a variación do gasto das Administracións Públicas.

Segundo o último informe da situación da economía española, de 25 de xuño de 2013, estímase para o período 2014-2016 como límite o 1,5%; 1,7% e 1,9% respectivamente, que supón un axuste á baixa en relación coa TRCPIB prevista até esa data.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 03/04/2014 10:21	Páxina 13 de 61
Expediente 27/142	Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

En consecuencia, a variación tendencial, terá que estar dentro dos límites establecidos aos efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 12 da LOEOSF.

O Orzamento que se presenta e que é obxecto de informe, o seu crecemento está dentro da TRCPIB aprobada polo Goberno da Nación, e como se comprobará na análise da Regra de Gasto, a variación do Gasto Computable do Orzamento previsto para o ano 2014 é inferior ca Liquidación do Orzamento aprobada do ano 2013 multiplicada pola TRCPIB, e a súa vez, a Liquidación do Orzamento do ano 2013 está dentro da TRCPIB da Liquidación do ano 2012.

#### *Información de carácter xeral*

Na amortización da débeda financeira prevista para o ano 2014, o importe que figura como pasivos financeiros no estado de gastos é por unha contía de 6.800.355,46 euros.

En canto a devolución - compensación das liquidacións definitivas das entregas a conta da PTE dos anos 2008-2009, por unha contía ano de 2.654.066,40 euros, en execución dos criterios establecidos polo MINHAP, compénsanse cos ingresos a conta recibidos mensualmente.

Así mesmo, incorpórase a primeira anualidade do préstamo concertado no ano 2013. Por outra banda, como consecuencia dos acordos adoptados polo Pleno da Corporación en sesións do 27/05/2013 e 05/08/2013, amortízouse anticipadamente a operación formalizada co BBVA no ano 2010, que tiña un capital vivo de 9.334.884,18 euros. Tamén foi obxecto de amortización anticipada, a operación formalizada con NGB no ano 2011 por unha contía de 9.287.287,35 euros. En consecuencia, estas operacións saíron do cadro de débeda.

En canto ao custo financeiro da débeda, prodúcese unha diminución en relación co ano 2013. No ano 2013, dotáronse 2.222.922,66 euros, e o devengo real foi de 727.370,25 euros. Neste ano, dótanse 1.051.719 euros, e a execución, sempre se se mantén o tipo de euríbor, vai estar por debaixo do millón de euros. A variación no capítulo IX (amortización de pasivos) e negativa nun 25,42 por 100, xa que a contía de débeda pendente tamén e moito menor, experimentando unha caída no monto total do 29,78 por 100 en relación co peche do ano 2012. No capítulo III, diminúen as dotacións un 52,40 por 100.

A Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, no seu artigo 21, segue a manter a limitación á incorporación de persoal de novo ingreso, quedando reducida a “cero” a TRE, salvo as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, os servizos básicos como a Sanidade, Educación, persoal adicado á loita contra o fraude fiscal, Policía Local, servizo de prevención e extinción de incendios, que se establece no 10 por 100 da TRE, computando nesta limitación os interinaxes, existindo algunhas excepcións que se analizarían se concorren os supostos en cada caso que teñen relación coa LOEOeSF e co TRLRFL. O mesmo artigo, establece a posibilidade de ampliar a TRE ao 100 para a Policía Local e servizo de Extinción de incendios, coa condición de que se cumpren os límites legais de operacións de endebedamento e ademais, cúmprase co principio de estabilidade ao que se refire o artigo 11.4 da Lei Orgánica 2/2012. En esas condicións o Pleno da Corporación ten que aprobar un plan económico financeiro no que se inclúa a medida



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 14 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

e pónase de manifesto que, igualmente, dáse cumprimento ao citado principio de estabilidade orzamentaria. O indicado no presente parágrafo deberá ser acreditado pola correspondente Entidade Local ante o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, previamente á aprobación da convocatoria de prazas. Se se aplicase a TRE do 100 por 100 para os corpos da Policía Local e Bombeiros, o incremento do gasto, ten que ter sustentabilidade no tempo, polo que se se adoptase unha decisión nesa liña, habería que adoptar decisións sobre minoración do gasto noutras áreas de gasto ou capítulos, xa que na actualidade, o teito de gasto está esgotado. Así mesmo, tendo en conta o marco orzamentario de medio prazo, tamén habería que reducir o gasto en outros servizos ou gastos de funcionamento, xa que ese novo gasto non sería asumible no cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

En resumo, coa situación actual de ingresos e gastos, non é sostible a decisión de incremento do gasto para chegar a unha TRE do 100 por 100 para os corpos da Policía Local e Bombeiros, coa excepción, que a mesma se impute as prazas vacantes, e o capítulo I do estado de gastos, se manteña na mesma contía que a prevista no orzamento que se está informando, que a mesma dos últimos tres anos.

Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe máxima a que se refire o apartado anterior aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario de 2013, deixaron de prestar servizos e o número de empregados fixos que se incorporaron no referido exercicio, por calquera causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non leven a reserva de postos de traballo. A estes efectos, computaranse os cesamentos na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa.

Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos, aquelas prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna.

O Orzamento previsto para o capítulo I, está a seguir as limitacións contidas inicialmente no Real Decreto Lei 8/2010, de 20 de maio, posteriormente recollidas no Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, que foron incorporadas á Lei 2/2012, de 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2012 así como na Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2013 e na Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, na que se conxelan as retribucións para o ano 2014.

No ano que andamos, a Lei de Orzamentos do Estado para o ano 2014, no seu artigo 20. Dous, establece que as retribucións do persoal ao servizo do Sector Público non experimentarán incremento algún en relación coas vixentes a 31 de decembro de 2013 en termos de homoxeneidade para ambos anos.

Figuran igualmente neste capítulo os custos de Seguridade Social a cargo do empregador, que está a ser calculada en termos de máximos.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 15 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

En aplicación do contido no artigo 9 do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, a cobertura do 100 por 100 queda limitada aos supostos concretos e os acordos adoptados pola Entidade Local e polas Xuntas Reitoras. Nos demais casos, en aplicación do previsto no artigo 9 do RD-lei, a cobertura será até o 50 por 100 das retribucións do mes anterior nos tres primeiros días da continxencia de IT, do 75 por 100 entre os días 4 e 20 días, o do 100 por 100 a partires dese día, polo tanto, a diferenza será a porcentaxe fixada en relación coas coberturas que establece o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, cubrindo en enfermidade común, o 60 por 100 entre o cuarto día e o 20 inclusive e partires dese, o 75 por 100 da Base Reguladora de Cotización.

Queda limitada a contratación de persoal laboral temporal, interinos e persoal estatutario temporal aos supostos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, coas excepcións previstas no artigo 21 da LXOE para o ano 2014.

Aos efectos de aplicación interna, esta intervención xeral, con motivo do informe aos orzamentos para o ano 2012 e 2013, considerou oportuno, incorporar en cada expediente un informe do servizo de persoal no que se acredite tecnicamente que, a prestación a cubrir ten a cualificación de esencial, e non pode ser cuberto se non se fai a contratación.

En relación co anterior, a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 9 de marzo de 2012, aprobou as instrucións de aplicación das previsións contidas no Real Decreto Lei 20/2011, en materia de planificación e xestión dos recursos humanos na administración municipal de Vigo, delimitando entre outras materias, os servizos públicos esenciais.

A consideración de esencial, é un concepto xuridicamente indeterminado, no entanto, hai posicións máis o menos restritivas, as que se atopan nunha liña máis limitativa, asimilan os servizos esenciais coas prestacións que hai que facer como servizos mínimos en situacións de folga. Outras teorías máis amplas, elevan esta posición, considerando como esenciais os servizos de limpeza, sanidade, orde público, educación, seguridade, servizos de información, rexistro, a de secretaría, comprensiva da fe pública e o asesoramento legal preceptivo, o control e a fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, e a contabilidade, tesourería e recadación (disposición adicional segunda da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Convén aclarar, que a condición de servizos esenciais non é sinónimo de servizos obrigatorios. Estes últimos son os recollidos no artigo 26 da LBRL e en tanto que obrigatorios poderían considerarse esenciais, pero non son os únicos esenciais, pero tampouco son esenciais a totalidade dos obrigatorios.

O artigo 5 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos do Estado (actualmente derogado) incluía entre os servizos públicos esenciais os de xustiza, educación, sanidade, protección civil ou asistencia social. Naturalmente, refírese a servizos públicos esenciais do Estado.

Na Sentenza núm. 185/1995 de 14 decembro do Tribunal Constitucional, que axuizou a constitucionalidade da devandita Lei, danos unha pista tamén do que pode considerarse como servizo



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 16 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



esencial: o servizo requirido é obxectivamente indispensable para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social dos particulares de acordo coas circunstancias sociais de cada momento e lugar, ou dito con outras palabras, cando a renuncia a estes bens, servizos ou actividades priva ao particular de aspectos esenciais da súa vida privada ou social. É dicir, aqueles que son necesarios para satisfacer as necesidades básicas e esenciais da cidadanía. Polo tanto, da sentenza do TC, hai que deducir que o máximo órgano ten unha interpretación limitativa do concepto de servizo esencial.

#### *Ampliación do tempo de traballo*

A Disposición Adicional Septuaxésima segunda da Lei 2/2012, de 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2012, establece que, coa entrada en vigor da Lei, a xornada xeral de traballo para todo o Sector Público, non poderá ser inferior a trinta e sete horas e media semanais de traballo efectivo de promedio en cómputo anual. As modificacións que se leven a cabo ao efecto desta medida non suporán incremento retributivo algún.

Con esa mesma data, quedaron en suspenso a eficacia das previsións en materia de xornada e horarios contidas nos Acordos, Pactos ou Convenios Vixentes que contradigan o previsto nesta DA.

En consecuencia, o servizo de Recursos Humanos, vixiará e comprobará o cumprimento desta xornada mínima. O servizo de fiscalización, fará constar esta observación no expediente de tramitación da nómina mensual se hai ausencia no informe sobre a comprobación da xornada legal de traballo.

Esta ampliación da xornada en termos anuais, non poderá ser inferior a 1.664 horas, o que vai a supoñer que haxa un maior número de horas presencias, que deberá ter efectos positivos na execución das retribucións variables adicadas a cubrir unha maior presenza.

#### *Modificacións incorporadas á Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local*

Tras entrada en vigor o pasado 31 de decembro de 2013 da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL). O artigo 7 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), define as posibles situacións:

1. As competencias das Entidades Locais son propias ou atribuídas por delegación.
2. As competencias propias dos Municipios, as Provincias, as Illas e demais Entidades Locais territoriais só poderán ser determinadas por Lei e exércense en réxime de autonomía e baixo a propia responsabilidade, atendendo sempre á debida coordinación na súa programación e execución coas demais Administracións Públicas.
3. O Estado e as Comunidades Autónomas, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán delegar nas Entidades Locais o exercicio das súas competencias.

As competencias delegadas exércense nos termos establecidos na disposición ou no acordo de



delegación, segundo corresponda, con suxeición ás regras establecidas no artigo 27, e preverán técnicas de dirección e control de oportunidade e eficiencia.

4. As Entidades Locais só poderán exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública. A estes efectos, serán necesarios e vinculantes os informes previos da Administración competente por razón de materia, no que se sinale a inexistencia de duplicidades, e da Administración que teña atribuída a tutela financeira sobre a sustentabilidade financeira das novas competencias.

En todo caso, o exercicio destas competencias deberá realizarse nos termos previstos na lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

As Entidades Locais xa non poderán exercer competencias que non lles foron atribuídas como propias ou como delegadas, salvo que tal exercicio non poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e non se incorre nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública.

Se o Concello con anterioridade á entrada en vigor da LRSAL viñese exercendo competencias distintas das propias e as delegadas e desexase seguir facéndoo, deberá promover o oportuno expediente para xustificar que o exercicio desas competencias non pon en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal e que non se incorre nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública.

Este expediente deberá integrarse obrigatoriamente polos informes da Administración que teña atribuída a tutela financeira, e da Administración competente na materia de que se trate, que acrediten respectivamente os dous requisitos citados anteriormente.

Polo que se refire á concesión de subvencións para o fomento do emprego, tal concesión entra dentro da denominada actividade de fomento que, xunto coa de policía e a de servizo público, constitúen ou integran a acción administrativa, para cuxo exercicio se precisa contar coa correspondente competencia.

No caso de que sexa un Concello o que desexe exercer esa acción respecto dunha materia sobre a que non conta con competencias, nin propias nin delegadas (por exemplo o fomento do emprego, que non figura entre as materias sobre os que o municipio exercerán competencias propias do artigo 25.2 da LRBRL), debe acudir ao establecido no artigo 7.4 da LRBRL.

Esta sería a vía para conceder subvencións a entidades públicas ou privadas respecto de materias que non son propias da entidade local pero si son consideradas de interese xeral, por exemplo, para o fomento de emprego.

Cuestión distinta son os Programas de Fomento de Emprego cofinanciados por Fondos Europeos que, á entrada en vigor da LRSAL, viñesen desenvolvendo as Entidades Locais. Ao tratarse de programas xa



comprometidos con anterioridade, aquelas poderá seguir executándoos até a súa conclusión.

No entanto, se estes Programas levan aparelada calquera tipo de financiamento a cargo da Entidade Local, o convenio, acordo ou instrumento en que se sustente a execución deses programas deberá adaptarse ao previsto nesta a LRSAL antes do 1 de xaneiro de 2015, tal como dispón o primeiro apartado da disposición adicional novena da LRSAL. Transcorrido este prazo sen adaptarse, tales acordos, convenios ou instrumentos quedarán sen efecto.

Ademais, se os Programas susténtanse nun convenio ou acordo suscrito entre o Concello e a Comunidade Autónoma e no mesmo prevéase a posibilidade da súa prórroga (xa sexa expresa ou tácita), esta non se poderá producir se non se inclúe no mesmo unha cláusula de garantía do cumprimento das obrigacións financeiras ou compromisos de pago a cargo da Comunidade Autónoma, consistente na autorización á Administración Xeral do Estado a aplicar retencións nas transferencias que lles correspondan por aplicación do seu sistema de financiamento (art. 57 bis da LRBRL).

Outra cuestión que convén abordar é a continuidade ou non dos contratos respecto de materias non propias e sen que exista convenio de delegación, suscritos con anterioridade á entrada en vigor da LRSAL e que continúan en vigor.

Se os devanditos contratos están ligados á realización de actividades ou a prestación de servizos alleos ás competencias propias ou delegadas do Concello, este para seguir realizando esas actividades e/ou prestar eses servizos, deberá promover un expediente para xustificar que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 7.4 da LRBRL. Se promovido ese expediente, algún dos informes das Administracións competentes non resultasen favorables, o Concello non podería seguir exercendo esas competencias, co que debería deixar de realizar as actividades e de prestar os servizos derivados delas e, por tanto, debería proceder á rescisión deses contratos.

Ademais do anterior, as competencias non propias ou delegadas, estarán condicionadas ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria o da Regra de gasto e o do endebedamento, polo que, estarase ao previsto no artigo 116 bis da LRSAL, estando previsto como unha das primeiras medidas no PEF, o cese na prestación das competencias non propias.

#### *Cumprimento da Regra de gasto e Teito de Gasto*

A evolución do gasto non financeiro ten que estar dentro dos límites previstos no artigo 12 e 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. Para o ano 2014, o crecemento do Gasto non financeiro, non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. A devandita taxa (TRCPIB) en relación co ano 2013 é do 1,5 por 100.

O Alcalde-Presidente, por Resolución do 25 de setembro de 2013, en cumprimento do previsto no artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, aprobou e remitiu ao MINHAP os marcos orzamentarios para os anos 2014-2016, dando así cumprimento ao previsto no artigo 27 apartado 2 da LOEOeSF.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 19 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Por Resolución de data 10 de marzo de 2014, aprobouse o marco orzamentario do período 2015-2017, do que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión do 31 de marzo.

Os axustes ao gasto computable (capítulos I a VII – Gastos financeiros da débeda), están recollidos na táboa que figura neste epígrafe. Unha vez establecida a base de cálculo, os datos e a proxección é a seguinte:

Límite:

Liquidación máxima por aplicación da Regra de Gasto,  $Liqui. 2012 \times 1,017 + 1.491.286,62 = 198.046.654,5$  euros  $\geq$  Liquidación de gasto computable 2013.

Liquidación ano 2013 aos efectos da Regra de gasto, 196.841.123,57 euros.

Orzamento de gasto computable 2014,  $Liqui 2013 \times TRCPIB_{2014}$ .

$TRCPIB_{2014} = 1,5\%$

Gasto máximo computable Orzamento 2014,  $Liquidación 2013 \times 1,015 = 199.793.740,4$  euros

No orzamento está recollido unha dotación para o Fondo de Continxencia, que se regula na Base 5ª bis das de Execución do Orzamento.

A creación deste Fondo, que é de dotación obrigatoria, é a variación cuantitativa, xuntamente cos axustes da subvención ao transporte, que presenta o proxecto dos orzamentos do ano 2014 en relación cos marcos orzamentarios remitidos ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para o período 2014-2016, e non presenta practicamente variación en relación co marco 2015-2017.

Hai que matizar, que os marcos orzamentarios están a informar sobre a Liquidación do exercicio, sendo esta por unha contía maior, xa que hai que computar a incorporación de remanentes e a execución da modificación orzamentaria financiada co superávit SEC-95 da Liquidación orzamentario do exercicio do ano 2012.

#### Entidade local

Concepto	Liquidac. 2012	P. aprobado 2013	Liquidación 2013	Presuposto 2014	Límite do Teito
Capítulos I a VII, menos gastos financeiros débeda	212.843.043,08	214.096.789,68	211.983.261,76	217.237.681,43	
+ operacións pendentes de aplicar ao orzamento	2.501.686,25		4.265.995,34		
Empregos non financeiros SEC	215.344.729,33	214.096.789,48	216.249.257,10	217.237.681,43	
-Transferencias a OO.AA	-16.208.089,88	-14.187.614,16	-14.023.792,19	-13.676.328,90	
-Gasto financiado con fondos finalistas	-5.866.857,87	-3.922.203,04	-5.384.341,58	-3.918.556,13	
UE, ingresos	-55.313,04		-467.377,40		
Estado, ingresos	-1.990.071,85	-1.131.133,42	-1.498.078,63	-1.322.514,76	
CA, ingresos	-3.288.490,98	-2.250.000,00	-2.854.259,29	-2.054.971,85	
Deputación Pontevedra			-17.936,06		
Outras Administracións, transferencias, pagamento.	-532.982,00	-541.069,62	-546.690,20	-541.069,52	
Total	193.269.781,58	195.986.972,28	196.841.123,33	199.642.796,40	199.793.740,40



## Estados consolidados

Concepto	Liqui. 2012	TRCPIB	$\Delta/\nabla$ , art.12.4	Límite liqui.2013	P. aprobado 2013	Liqui. 2013	Presuposto 2014	Límite do Teito P
Entidade	193.269.781,58	196.555.367,87	1.491.286,62	198.046.654,50	214.096.789,68	196.841.123,33	217.237.681,43	199.793.740,40
IMD	7.252.364,05	7.375.654,24		7.375.654,24	8.037.574,30	7.570.591,06	7.960.445,68	7.851.689,05
Vigo Zoo	1.422.317,65	1.446.497,05	,00	1.446.497,05	1.505.616,64	1.393.647,24	1.514.646,64	1.414.551,95
EMAO	1.105.202,14	1.123.990,58		1.123.990,58	1.319.261,22	1.173.456,04	1.254.761,22	1.140.850,44
XMU	4.708.999,16	4.789.052,15		4.789.052,15	6.956.764,37	5.342.769,83	6.956.764,37	4.860.887,93
Inxecucións		,00	,00	,00	-471.105,00		-372.840,00	
Tranf. a OOAA					-14.187.614,16		-13.676.328,90	
Transfe. a entidade					-1.681.230,51		-1.681.230,51	
Ax. F. Finalista					-3.982.203,04		-3.918.556,13	
Total	207.758.664,58	211.290.561,89	1.491.286,62	212.781.848,52	211.593.853,50	212.321.587,50	215.275.343,80	215.506.411,30

$$\text{Variación} = ((\text{GCONF}_{2014} / \text{GCLONF}_{2013}) - 1) \times 100 \leq 1,5$$

$$((215.275.343,80 / 212.321.587,50) - 1) \times 100 = 1,39\% \leftrightarrow < 1,5\%$$

Gastos financeiros que se deducen na suma dos capítulos do I ao VII do estado de gastos.

Entidade local	Gastos financeiros previstos débeda	Contía
Subtotal	Préstamos concertados	1.051.719,00

A variación do orzamento para o ano 2014 é menor co previsto como máximo.

Para determinar a contía máxima do orzamento do ano 2014 por operacións non financeiras, estase a partir da liquidación do gasto non financeiro axustado do ano 2013. Sobre a mesma, aplícase a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo para a economía Española, fixado en termos porcentuais no 1,5 para o ano 2014, no 1,7 para o ano 2015 e no 1,9 para o ano 2016.

O límite da Liquidación do ano 2013, está a ter como orixe, a Liquidación do ano 2012, sobre a que se aplica a TRCPIB para o ano 2013, que estaba fixada no 1,7 por 100, sobre a mesma, se acumulan as variacións oficiais das ordenanzas para o ano 2013 (VP), que tiveron unha repercusión de 1.491.286,62 euros.

Ao ser menor a Liquidación do gasto computable do ano 2013 co teito de gasto legal do ano 2013, unha vez feitos os cálculos, o resultado móstrase nas táboas anteriores, queda unha marxe de 150.944 euros na Entidade Local (Orzamento gasto computable 2014 – Liquidación computable ano 2013 x TRCPIB), e 231.067,50 euros nos estados consolidados-, sendo estes últimos estados os de referencia para o cálculo do teito de gasto-, para recoñecer obrigas por modificacións orzamentarias, incluída a incorporación de remanentes que se faga ao orzamento do ano 2014 unha vez aprobado.



Se por causas excepcionais se superase o límite máximo de gasto, habería que facer os axustes necesarios para non exceder o teito máximo, sen que elo teña que supoñer unha transferencia de obrigas do ano 2014 ao orzamento do 2015, senón que se tratarán de axustes de gastos que teñan a cualificación de voluntario, o cal posibilite non incorrer no recoñecemento de máis obrigas. O teito de gasto para a Liquidación consolidada do ano 2014 é de 215.506.411,30 euros.

O Orzamento da Entidade e os estados consolidados, están a dar cumprimento a Regra de Gasto, respectando o teito orzamentario previsto para o ano 2014 a partir da liquidación previsional do ano 2013.

Os Organismos Autónomos teñen que estar a executar os seus orzamentos dando cumprimento a Regra de Gasto, de non estar ao seu cumprimento, a execución do orzamento da Entidade, terá que ser por unha contía inferior a seu límite, que queda establecido en 199.793.740,40 euros.

#### *Fondo de Continxencia*

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, estableceu un novo marco de xestión orzamentaria para todas as Administracións Públicas.

Neste novo marco, para poder facer fronte a determinadas necesidades de gasto non previstas nas dotacións iniciais do orzamento, a citada Lei, estende ás Corporacións Locais a obrigatoriedade de incluír nos orzamentos un Fondo de continxencia.

O artigo 31 da citada norma, establece que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, incluírán nos seus Orzamentos unha dotación diferenciada de créditos orzamentarios que se destinará, cando cumpra, a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado, que poidan presentarse ao longo do exercicio.

A contía do mesmo virá determinada polo que estableza a propia entidade no ámbito das súas competencias.

O artigo 50 dá Lei 47/2013, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, establece que o orzamento do Estado, a fin de facer fronte durante o exercicio orzamentario a necesidades inaprazables, de carácter non discrecional para as que non se fixese en todo ou en parte, a adecuada dotación de crédito, incluírá unha sección baixo a rúbrica «Fondo de Continxencia de execución orzamentaria», por importe do dous por cento do total de gastos para operacións non financeiras, excluídos os destinados a financiar ás comunidades autónomas e entidades locais en aplicación dos seus respectivos sistemas de financiamento e consignados nunha sección orzamentaria independente do devandito orzamento.

En cumprimento do previsto no artigo 31 da LOEOeSF, créase o Fondo de Continxencia de execución orzamentaria. O devandito Fondo, dótese na aplicación 9290.5000000, cunha contía de 200.000 euros.

O Fondo destinarase exclusivamente a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado, e que puidesen xurdir ao longo do ano 2014.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 22 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

O tratamento e funcionamento do Fondo de Continxencia, está regulado na Base 5ª bis das de Execución do Orzamento, e a súa dotación non ten vinculación xurídica con ningunha outra aplicación orzamentaria.

### *Capítulo I do Estado de gastos, gastos de persoal.*

No epígrafe de información de carácter xeral, xa se fixo unha introdución as limitacións que ten que recoller este capítulo por aplicación directa da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014.

Este Capítulo recolle a totalidade das retribucións do persoal que presta os seus servizos no Concello de Vigo. Comprende tódolos conceptos retributivos previstos nos artigos 1 a 6 do Real Decreto 861/1996, de 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local e artigos 21 a 30 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, así como as retribucións do persoal laboral que forma parte do cadro de persoal. Por outra banda, tamén se consignan os gastos de formación e todos aqueles derivados do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo que non quedaron en suspenso por outras normas.

O artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece que *“corresponde a cada Corporación local aprobar anualmente a través do Orzamento, o persoal que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual”*. *“As plantillas do persoal deberán responder aos principios de racionalidade, economía e eficiencia, sen que os gastos de persoal poidan exceder os límites que se fixen con carácter xeral”*.

O apartado primeiro do artigo 126 do R.D. Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, establece que *“os cadros de persoal que deberán comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do Orzamento e haberán de responder aos principios enunciados no artigo 90.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril. A eles uníranse os antecedentes, estudos e documentos acreditativos de que se axustan aos mencionados principios”*.

En canto á variación do capítulo I, no ano que andamos, a Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos do Estado para o ano 2014, no seu artigo 20. Dous, seguindo o previsto na Lei 2/2012, de 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2012 e Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, establece que as retribucións do persoal ao servizo do Sector Público non experimentarán incremento algún en relación coas vixentes a 31 de decembro de 2013 en termos de homoxeneidade para ambos anos, polo que non caben máis aclaracións ao respecto, tan só acreditar, que non houbo variacións na contía absoluta no gasto deste capítulo.

No ano 2013, executouse parcialmente a Oferta de Emprego Público do ano 2010-2011, publicada nos BOP de 04/02/2011 e 16/02/2012 e no DOGA 18/02/2011 e 28/02/2012 respectivamente, no transcurso do ano 2013, estiveron parte das vacantes sen cubrir. No documento que se incorpora, figuran vacantes 164



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 23 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

postos, estando incluídas nas mesmas, a parte da OEP do ano 2010-2011, a do ano 2012 e a do 2013.

Non hai na avaliación feita, variacións nas retribucións, dándose así cumprimento á conxelación retributiva prevista na Lei de Orzamentos para o ano 2014.

En aplicación do acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión de 26 de setembro de 2011, o orzamento do ano 2012 creou 13 novas prazas en execución de sentenzas: 1 Técnico/a de Administración Xeral, A1, 1 Técnico/a superior de actividades culturais e educativas, Administración especial A1, 1 Técnico/a medio de actividades culturais e educativas, Administración especial, A2, 1 Diplomado/a en traballo social, Administración especial, A2, 4 Técnicos/as de xestión, Administración especial, A2, 1 Técnico/a medio de servizos económicos, Administración especial, A2 1, Arquitecto/a técnico, Administración especial, A2, 1 Administrativo/a de administración xeral, C1, 2 Auxiliares administrativos, C2. A día de hoxe, as devanditas prazas non están incluídas nunha Oferta de Emprego Público, por estar esta, salvo os supostos específicos, en suspenso por aplicación da Lei Xeral Orzamentaria 17/2012 e no propio proxecto de Lei para o ano 2014.

Hai na actualidade outras sentenzas que declararon nulos os acordos de despido ou situacións de cesión ilegal de traballadores, xerando novas relacións laborais indefinidas, non fixas, sen que as mesmas teñan praza, non incluíndose en ningunha oferta, xa que as limitacións da LXO, non posibilita a consolidación de emprego. En consecuencia coa situación, están a devengar retribucións con cargo a unha determinada aplicación orzamentaria pero sen que a mesma este asociada a prazas nin postos concretos. Por todo elo, é necesario que na primeira OEP que se aprobe, se recolla estas prazas ou se creen, para posibilitar a execución da sentenza nos seus propios termos. De non ser necesarios estes recursos humanos, non procederá incluílos na OEP, debendo procederse a outro tipo de regularización (artigos 51,52 e 53 do ET).

Así mesmo, na actualidade non hai adscrición deste tipo de emprego a posto, deste xeito, se restrinxen a posibilidade que este tipo de persoal poida presentar reclamacións por dereitos adquiridos nos postos. En todo caso, este persoal para seguir mantendo a situación de indefinido, ten a obriga de presentarse á execución das OEP que conteña prazas análogas as que desempeñaban cando pasaron dun contrato temporal a unha relación laboral indefinida. De non presentarse, haberá que proceder ao seu tratamento legal.

Ao obxecto de evitar que se repitan situacións laborais como as descritas, as contratacións de persoal temporal, sempre e cando concorran as circunstancias legais de servizo esencial, deberá someterse ao contido da Resolución de 27 de outubro de 2010, aprobada pola Comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Contas, en relación coa Moción sobre a necesidade de evitar os riscos de que os traballadores das Empresas de Servizos contratadas pola Administración, polas condicións nas que se desenvolve a actividade contratada, convértanse en persoal laboral da Administración en virtude de sentenzas xudiciais, publicada no BOE nº 15, de 18/01/2011.

O artigo 20 da Lei de Orzamentos para o ano 2014, establece que, durante o exercicio 2014, as Administracións, entidades e sociedades a que se refire o apartado Un deste artigo non poderán realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos que inclúan a cobertura da



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 24 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



continxencia de xubilación.

No entanto o disposto no parágrafo anterior e sempre que non se produza incremento da masa salarial, nos termos que establece a Lei de orzamentos, as Administracións, poderán realizar contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura de continxencias distintas á de xubilación. Así mesmo, e sempre que non se produza incremento da masa salarial, se poderá realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, sempre que os citados plans ou contratos de seguro fosen subscritos con anterioridade ao 31 de decembro de 2011.

En canto aos conceptos que forman parte do cálculo da masa salarial son os seguintes:

Retribucións Básicas (120).

Retribucións complementarias (121).

Retribucións do persoal laboral fixo (130).

Incentivos ao rendemento (150,151).

Prestacións sociais (161).

Hai que considerar, que computaría o gasto retributivo do persoal que está nunha relación laboral indefinida.

No caso do Concello, cúmprense os requisitos, tanto da data de subscrición do Plan como da masa salarial, polo que poderase adicar a dotación da aplicación 2210.1270000 a súa finalidade. Sobre este asunto, a Xunta de Goberno Local en sesión do 07/03/2014, aprobou previa proposta da Sra. Xefa do servizo de Recursos Humanos, expediente 24810/220, informado por esta Intervención en data 27/02/2014 a metodoloxía de reinicio das achegas do promotor ao Plan de Pensións con data de inicio desde o un de xaneiro, facéndose o desconto correspondente aos partícipes na nómina dos traballadores polos meses de xaneiro-marzo, na nómina que se faga efectiva a paga extraordinaria, todo elo previa acreditación da condición de partícipe.

As consignacións que conforman o Capítulo I, corresponden cos custos da listaxe dos postos de traballo, segundo estudio efectuado polo Servizo de Recursos humanos e que remitiuse como documentación para a formación deste capítulo, no que existen prazas vacantes que non serán obxecto de Oferta de Emprego Público por aplicación do previsto na LXOE.

O capítulo I do estado de gastos no proxecto do Orzamento da entidade mantén a mesma contía en relación co ano anterior (-0,01%), na que están incluídas as sentenzas declarativas de relacións laborais indefinidas e un incremento do 0,43 por 100 nos estados consolidados como consecuencia da Sentenza nº 170/2013 do Xulgado do Social nº 2 de Vigo, no que fallou como relacións laborais indefinidas non fixas a a favor dos traballadores que viñan prestando os servizos na empresa que estaba contratada para os chamados servizos auxiliares no Organismo Autónomo Instituto Municipal dos Deportes de Vigo.

O devandito capítulo da Entidade Local, reflicte unha dotación orzamentaria de 58.906.358,70 euros. Os gastos de persoal representan unha porcentaxe do total do orzamento equivalente ao 26,10 por 100



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 25 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

e un 28,53 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros.

En canto aos estados consolidados a dotación é por 67.151.826,18 euros, representan unha porcentaxe do total do orzamento equivalente ao 29,44 por 100 e un 32,17 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros.

No custo orzamentario están incluídas as vacantes que, con posterioridade, se se cumpren os requisitos legais, é dicir, a execución Oferta de Emprego Público aprobada, sempre dentro dos termos previstos no artigo 21.Un. 2) da Lei de Orzamentos Xerais para o ano 2014, poden ser cubertas coa execución da mesma e a de tódolos Organismos Autónomos dependentes, sempre que sexan efectivamente necesarios a cobertura dos postos, de non concorrer esta necesidade, sempre cabe a posibilidade, que aínda estando aprobada ao OEP, prodúzase a caducidade da Oferta de Emprego ou parte da mesma se fose o caso.

En canto á amortización de prazas vacantes, non se fai necesario a súa amortización, pero ademais, neste ano, por non o requirir a Lei de Orzamentos tampouco para a Administración do Estado.

En canto a documentación que conforma o expediente sobre a plantilla, figura o informe da Sra. Xefa do servizo de Recursos Humanos, as instrucións para a súa formación, o estado de avaliación económica do custo total da plantilla, un resumo de custos onde se inclúen outros custos como é o Plan de Pensións, que será executable no exercicio, artigo 20. Tres, as retribucións dos órganos superiores tanto con dedicación exclusiva como parcial, as dotacións para o Plan de Emprego Municipal, os custos de seguro colectivo de vida e accidentes, Fondo social, as dotacións previstas para outras modalidades de contratación, os custos de formación, os incentivos ao rendemento, etc. Tamén forma parte do expediente, as actas da Mesa Xeral de negociación de data 01/03/2014, dando así cumprimento ao previsto no art. 34 e seguintes da Lei 7/2007, de 12 de abril, EBEP, e outra documentación de trámite.

En relación aos custos da Seguridade Social, a base de cotización recolle as retribucións fixas, -soldo inicial e antigüidade e o importe do complemento de destino e específico-, tendo en conta as modificacións en canto aos topes máximos de cotización e as variacións sobre as porcentaxes de cotización adicional establecidos que procede aplicar sobre a base de cotización por continxencias comúns ao colectivo de bombeiros cun incremento do 0,7%, contidos na lei 22/2013 de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, e artigo 109 do Real Decreto-Lei 16/2013, de 20 de decembro, de medidas para favorecer a contratación, calquera outra retribución devengada, -gratificacións, produtividade, nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, Plans de pensións, Fondo Social, etc-, terá a súa repercusión na súa base de cotización e conseguintemente no custe de seguridade social, polo que, as prazas vacantes non serán en ningún caso obxecto de minoración na contía da .

En canto á variación do capítulo I, no ano que andamos, a Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, no seu artigo 20. Dous, seguindo o previsto na Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, establece que as retribucións do persoal ao servizo do Sector Público non experimentarán incremento algún en relación coas vixentes a 31 de decembro de 2013 en termos de homoxeneidade para ambos anos, condición que está a cumprir o Proxecto



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 26 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

de Orzamento en trámite.

Na análise dos complementos que anualmente se veñen executando como retribucións variables, en aplicación da redución contida no Real Decreto Lei 20/2011 e no propio acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 09/03/2012, tendo en conta o principio de racionalidade e eficiencia previstos no art. 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LRBRL), así como o principio contido no artigo 7 da LOEOeSF, as políticas de gasto público deberán encadrarse nun marco de planificación plurianual e de programación e presupostación, atendendo á situación económica, aos obxectivos de política económica e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía e a calidade, a cuxo fin se aplicarán políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público. Polo tanto, as cargas adicionais ou puntuais de traballo nos distintos servizos ou unidades administrativas, sempre que sexa posible, faráselle fronte coa reasignación temporal dos efectivos.

Este obxectivo implica a necesidade de flexibilizar as Plantillas e a Relación de Postos de Traballo (reasignación reorganización), tanto da Entidade como dos Organismos Autónomos, e reorientar os recursos e a súa racionalización para atender as necesidades que xurdan en cada momento. Esta recomendación ven sendo recollida nos informes ao Orzamento dos dous últimos anos, considerando esta Intervención Xeral a máis efectiva para mellorar a eficiencia do gasto e facer fronte as necesidades puntuais dunha carga excepcional de traballo sen custos adicionais.

Nos últimos anos, cunha conxelación legal nas Ofertas de Emprego Público, coas excepcións do 10 por 100 da Taxa de Reposición de Efectivos da Policía Local e do servizo de Extinción de Incendios, estase a manter a mesma carga de traballo que en anos precedentes con menos recursos humanos.

O previsto no artigo 8 do RD-Lei 20/2012, de 13 de xullo, na que se reduciron os días de libre disposición (aumentou un día, 4, DA cuarta da Lei Orgánica 9/2013 e anunciado un 5º), e a ampliación da xornada de traballo a 1.664 horas anuais, coaduxeron a dar sustentabilidade a unha situación que está a xerar importantes axustes no número de empregados públicos e no seu custe, pero que a súa vez, está a garantir a prestación dos servizos públicos nos estándares de calidade previstos con menores custos que catro anos atrás. Polo tanto, e de esperar que legalmente, se siga co axuste na estrutura do persoal, sendo necesario un aumento nos rendementos para facer fronte, ao menos, a mesma carga de traballo.

Cando non sexa posible facer fronte ás necesidades cunha reasignación dos efectivos e sexa preciso acometer un plan de produtividade ou de horas extraordinarias, é necesario que os mesmos sexan aprobados previamente polo órgano competente antes da súa execución, de tal xeito que, previos informes técnicos e proposta feita polo servizo de recursos humanos, -onde se establezan os obxectivos a alcanzar co devandito plan, sempre tendo en conta os principios de racionalidade, economía e eficiencia, os cales debemos engadirlle o de boa administración-, o órgano competente aprobe o plan, que deberá ter polo menos o seguinte contido:

Custo global do Plan.

Temporalidade do mesmo.



Obxectivo/s a conseguir.

Circunstancias obxectivas relacionadas cos postos de traballo que xustifican o Plan.

Nº de horas ou xornadas previstas en execución do Plan.

Servizos ou áreas administrativas afectadas polo mesmo.

Tipo de incidencia ou evento/s que vai cubrir o Plan.

Datas estimadas das incidencias.

Verificación que os complementos do Plan non son fixos na súa contía nin periódicas no seu devengo, evitárase un devengo mensual dos devanditos complementos.

Recursos e medios que se van empregar en cada unha das datas previstas no Plan.

Programa previsto de control efectivo sobre a execución do Plan.

Aplicación orzamentaria que vai a sufragar os custos do Plan.

A criterio deste servizo de fiscalización, o servizo de Recursos Humanos, previa memoria xustificativa de unidade xestora, é quen ten que informar e avaliar, que os recursos humanos dispoñibles non son suficientes, e que non é posible facer unha reasignación dos efectivos para facer fronte á cobertura das necesidades que se demandan, polo que, non hai máis alternativa que a aprobación do devandito Plan, sempre con carácter previo a súa execución.

O plan aprobado, salvo causas excepcionais, deberá permanecer ao longo do ano. O servizo de Recursos Humanos deberá propoñer as modificacións orzamentarias necesarias para dar cobertura ao mesmo en función da súa execución temporal.

En canto as encomendas de servizo e as acumulacións por necesidades operativas derivadas do servizo, nos termos e condicións xerais previstas na lexislación de procedemento administrativo e máis concretamente no art. 73.2 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, sempre tendo en conta o grado e categoría, deberán ser por un tempo indispensable para facer fronte a unha situación excepcional, en ningún caso, unha acumulación ou unha encomenda, pode consolidarse no tempo, e non debería ter unha duración superior a un ano, tempo de tramitación e execución das Ofertas de Emprego e dos sistemas de promoción interna e concursos de traslados ou dunha comisión de servizos.

En todo caso, terá que producirse un acordo expreso dentro de cada exercicio orzamentario que garanta a existencia de crédito para continuar coa mesma.

Sen prexuízo do anterior, as propostas de encomenda ou de acumulación, deberán ser obxecto de fiscalización por este servizo con carácter previo ao acordo, xa que é necesario que se garanta o crédito orzamentario a partires da adopción do mesmo, dando prevalencia sempre aos acordos adoptados sobre outros supostos de retribución variable.

En consecuencia, o procedemento normal será unha xustificación das necesidades, unhas tarefas concretas, unha proposta, Resolución da Alcaldía ou Concelleiro en quen delegue, sempre tendo en conta as delegacións e as Bases de Execución do Orzamento, pronunciándose sobre a encomenda, remitir o expediente ao servizo de RR.HH, proposta deste servizo, fiscalización pola Intervención, acordo da Xunta de Goberno Local.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 28 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

En relación á aplicación 9220.1400000, outras modalidades de contratación, veñen imputándose á mesma, os custos retributivos das sentenzas declarativas de relacións laborais indefinidas, con algunha excepción, que inicialmente non teñen dotación orzamentaria, ou tendo prazas creadas e postos dotados, non hai adscripción destas situacións aos postos, adscripción que entendo, non procede en tanto non se execute a preceptiva OEP. Ademais destes cargos, tamén se imputan á mesma, as contratacións laborais temporais e os interinaxes sen posto (artigo 10 do EBEP) pola consideración ou cualificación de servizo esencial, polo que a súa execución, que debería ser residual, está a ter unha relevante carga anual. Polo tanto, esta aplicación deberá ser obxecto dun seguimento moi particular, e avaliar a posibilidade de incorporar melloras técnicas co obxectivo de reducir o posible a contía na execución desta aplicación orzamentaria, aínda que, como se informou, hai unha parte moi importante do gasto imputable a esta aplicación orzamentaria que vai a manterse ata que a Lei permita a aprobación dunha OEP que posibilite a execución das sentenzas e a regularización da situación.

As insuficiencias dotacionais que se producisen nas retribucións variables, aplicacións 9220.1500000 e 9220.1510000, así como a correspondente a outras modalidades de contratación, 9220.1400000 e indemnizacións por sentenzas, aplicación 922.1410000, terían sempre a suficiencia orzamentaria nas modificacións de créditos que se tramiten con cargo á prazas vacantes.

En canto á aplicación, 9220.1400000, outras modalidades de contratación, con cargo a mesma abóanse os custes salariais de 17 traballadores municipais declarados en relación laboral indefinida por sentenzas xudiciais firmes, que supón un gasto anual aproximado de 582.037,28 euros, imputándose así mesmo os contratos temporais por servizos esenciais. En todo caso, hai que informar, que as vacantes que non están asociadas a ningunha OEP, dispoñen de crédito suficiente para facer fronte as insuficiencias da devandita aplicación, así como das correspondentes ás retribucións variables (aplicacións 9220.1500000 e 9220.1510000). De considerarse xustificada a dotación inicial destas aplicacións polo gasto aproximado anual, sería necesario facer unha amortización de prazas vacantes, de non ser así, estaríase a duplicar a presupostación. O gasto en contratación temporal, ten causa na conxelación da TRE, que é precisamente o que está a xerar o gran número de prazas sen provisionar, de aí, que esta aplicación debe e teña que financiarse con minoracións nas aplicacións con prazas vacantes que non se correspondan con OEP.

Seguindo o criterio legal marcado de xeito reiterado pola Lei de Orzamentos, non se debe proceder a contratación laboral ou nomeamento de funcionarios interinos con cargo as prazas vacantes non incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2012 e 2013. Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

Tendo en conta as limitacións á incorporación de novo persoal, está vixente o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local relativo á cualificación dos servizos básicos esenciais que poden ser obxecto de cubrir con contratos temporais ou interinaxes. Hai que entender esta posibilidade, sempre e cando as



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 29 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

necesidades non puidesen ser cubertas co persoal laboral fixo ou estatutario e ademais afecten a servizos públicos esenciais.

En todo caso, aínda na situación e concorrència na definición dos servizos esenciais, e a posibilidade de facer novas contratacións temporais ou interinaxes para dar cobertura ordinaria aos mesmos, deberase estar e respectar o espírito da Lei, que non é outro que a limitación do gasto no capítulo I.

En relación coas retribucións do Sr. Alcalde e dos Sres. Concelleiros, para o ano 2014 non serán maiores co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, quedando fixado o límite no 80% das retribucións previstas para un Secretario de Estado. O Real Decreto lei 1/2014, de 24 de xaneiro, incorpora a DA nonaxésima á Lei 22/2013, de Orzamentos do Estado para o ano 2014, na que se fixan as retribucións dos membros das Corporacións Locais en réxime de dedicación exclusiva, quedando a contía para os Concellos que teñen unha poboación entre 150.001 e 300.000 habitantes, nun máximo de 80.000 euros por todos os conceptos retributivos. O Sr. Alcalde e os Srs. Concelleiros con dedicación exclusiva, teñen unhas retribucións máis baixas que o límite establecido, polo tanto, están a dar cumprimento tanto ao artigo 75 bis da Lei 7/1985 como o previsto no RD-I 1/2014.

De igual xeito, darase cumprimento, ao previsto no artigo 75 ter e 104 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, en canto ao número de concelleiros con dedicación exclusiva e de persoal eventual. En relación con ambos límites máximos (18 e 27), estase a cumprir coas dúas limitacións.

A aplicación da Lei 27/2013 establece unha vinculación positiva ao contido do artigo 25 da Lei 7/1985, polo que, tan só se poderán prestar os servizos de acordo as competencias taxadas no devandito artigo. En consecuencia, poderíanse producir axustes importantes nas prestacións de servizos, que terían efectos tamén no capítulo I de gastos, estarase en todo caso ao previsto no artigo 7 da LBRL e a propia Lei Galega sobre racionalización e sustentabilidade da Administración Local en trámite.

#### *Capítulo II do estado de gastos, bens correntes e servizos.*

O Proxecto de Orzamentos do Capítulo II ascende a 107.182.711,49 euros, que supón unha variación do 2,86 por 100 sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2013, e representa un 47,49 por 100 respecto do total do orzamento e un 51,91 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros. En canto á variación positiva nos estados consolidados deste capítulo en relación co orzamento do ano 2013 é do 2,36 por 100.

Nos estados consolidados este capítulo ascende a 114.417.857,15 euros, representa o 50,16 por 100 sobre o orzamento total e o 54,81 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros.

Á vista do contido do informe económico financeiro, os contratos atópanse dotados na súa totalidade. As variacións que nalgún caso se produce, é consecuencia da variación do IPC previsto. Mantéñense invariables algúns contratos importantes como é o da Recollida do Lixo e Limpeza Viaria (aplicación 1620.2270000), que no ano 2013 foi obxecto de actualización, polo que, a dotación que é a mesma ca do ano anterior, é suficiente para facer fronte a revisión ordinaria que lle corresponde no ano 2014 a prezos 2011-2012, cuxa variación vai a estar ao redor do 4 por 100.



En canto á dotación para o tratamento do lixo que se fai en Sogama, a aplicación 1620.2270016, é obxecto dun incremento do 31,10%, aínda que, por descoñecerse cal vai ser a variación real do custo imposto para este servizo, xa que o gasto está en función do número de toneladas tratadas, tendo en conta ademais os posibles recursos contra a suba, non é posible informar se a dotación é ou non suficiente. En todo caso, de non o ser a nivel aplicación, avaliaríase se a bolsa de vinculación xurídica dos créditos resulta suficiente para afrontar o exceso de custo que se producise.

Este contrato asinouse tendo en conta unha actualización de prezos correspondente a variación do IPC anual, polo que, nun principio, hai unha modificación unilateral do prezo, que non parece axustado a Dereito, e dicir, estase a someter a prestación a outro tipo de actualización do seu prezo que o previsto no PCAP e no contrato asinado, aínda que a modificación do prezo do contrato, fíxose a través da Lei, polo que, o instrumento legal parece o correcto e vinculante.

Coa independencia do pronunciamento que poidan facer os tribunais sobre a alteración unilateral do prezo do contrato por vía legislativa, deberase facer fronte ao novo custo, de tal xeito que se a reclamación resultase favorable aos intereses municipais, procederase a súa compensación nas facturacións posteriores, e se resulta en contra dos intereses municipais, como xa se ven pagando o prezo imposto, non tería efectos sobre o orzamento nin sobre a estabilidade orzamentaria nin na regra de gasto.

Se se optase por non facer o pagamento da totalidade, e tan só se fíxese fronte ao custo segundo contrato, a diferenza até o custo tonelada fixado por Lei, aplicaríase ao orzamento, facéndose un pago en formalización aplicándose a unha conta non orzamentaria, de tal xeito que, si a resolución é contraria aos intereses municipais, non tería efectos orzamentarios e si financeiros, é dicir, sería unha orde de pagamento non orzamentaria. Si a resolución fose favorable aos intereses municipais, se faría un reintegro de orzamentos pechados, que podería utilizarse como recurso financeiro para tramitar unha modificación orzamentaria, sempre que a Regra de Gasto o permitise.

En canto a dotación orzamentaria, a súa previsión, considérase axeitada para afrontar a variación do custe dos 10 meses do ano que corresponden ao ano 2014, xa que o novo prezo, afectará ao servizo a partires do mes de marzo inclusive.

Tamén se mantén estable as dotacións ao custo do subministro eléctrico e do mantemento da rede semaforica. No primeiro caso, por resultar do procedemento aberto de contratación unha mellora importante nas tarifas, é no segundo, por ter unha dotación suficiente para facer fronte aos devengos do ano 2014. En canto ao resto dos contratos, foron obxecto da actualización tendo en conta a variación do IPC previsto.

En canto ao contrato de retirada, inmovilizado, depósito, xestión e cobramento de vehículos indebidamente estacionados na vía pública, tamén se mantén estable, xa que hai un procedemento contencioso-administrativo aberto para delimitar algún dos conceptos que forman parte do prezo cos que esta Entidade non amosa o seu acordo.

Este capítulo recolle todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo. De acordo á Memoria e ao informe económico, están dotadas as aplicacións de



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 31 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos. As aplicacións que forman este capítulo teñen recollida as actualizacións contractuais.

Tendo en conta as limitacións impostas pola Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira en canto ao límite de gasto (Regra de Gasto), hai que desenvolver os estudos técnicos que possibiliten que os empregos orzamentarios moderen a súa tendencia, e sigan a senda dos recursos, garantindo así a sustentabilidade que establece o artigo 4 da LOEOeSF. No escenario que prevé a LOEOeSF, xa non é suficiente ter os recursos, senón que os gastos están sometidos a un teito que ven determinado anualmente polo Ministerio de Economía e Competitividade, sendo a TRCPIB unha das variables que máis está a condicionar a formación e execución dos orzamentos.

Este capítulo, nos últimos catro anos ven amosando un comportamento estable, de feito, a variación en termos de execución entre a Liquidación do ano 2010 e a do ano 2013, representa unha variación do 1,91 por 100, o que supón en realidade unha variación negativa, xa que a variación do IPC no período decembro 2010, decembro 2013 e dun 5,6 por 100. Ademais, o tipo de IVE tivo dúas variacións importantes, unha de 2 puntos ou 1 punto en función do tipo de ben ou servizo, que entrou en vigor o 01/07/2010, e outra de 3 puntos ou 2 puntos o 01/09/2012. En resumo, o capítulo II do orzamento de gastos, está a facer fronte ás prestacións de servizos mediante uns empregos que están a ser en termos reais máis baixos, por ser a variación en termos medios dos últimos catro anos, inferior ca variación do IPC, e por suposto, tendo en conta a variación dos tipos de IVE. A gran maioría dos contratos, están a ter unha conxelación dos seus custos, producíndose unha renuncia voluntaria a súa actualización. En algúns servizos, estanse a facer fronte a ampliacións dos mesmos, ben porque xorden ampliacións ou por outras causas, cos mesmos medios, é dicir, aplicando reorganizacións dos medios, de aí, que se estea a producir, unha estabilidade non só real do custo, senón unha estabilidade nominal.

Aquí, estase a por de manifesto, os efectos de ter que dar cumprimento de dúas variables, por unha banda o cumprimento da Regra de Gasto, por outra, aínda que se está aplicando desde hai 6 anos, o cumprimento da estabilidade orzamentaria, polo que, o cumprimento combinado de ambos obxectivos, así como a necesidade de ir converxendo cara a un custo efectivo dos servizos máis baixo, está a moderar pola aplicación da Lei, o crecemento do gasto non financeiro.

Se o análise se fai cun prazo retrospectivo máis amplo, se pode comprobar que a tendencia era moi distinta, había unha tendencia incrementalista continua, xa que os orzamentos non estaban sometidos a ningún outro límite que a existencia de recursos e aos equilibrios formais entre ingreso corrente e gasto corrente, cuestión que agora non é suficiente, pode haber recursos, pero non haber marxe para máis empregos. O obxectivo debe ser a procura de maior eficiencia, conseguindo os mesmos resultados a un menor custo orzamentario, é dicir, un custo efectivo dos servizos menor.

Polo tanto, aos efectos de garantir a sustentabilidade orzamentaria e financeira á que obriga a LOEOeSF, é recomendable continuar cos estudos de custos dos servizos que se veñen prestando tanto en réxime de xestión directa ou mediante xestión indirecta, avaliar os medios, rendementos e obxectivos en





cada caso, e propoñer os axustes naqueles supostos posibles que non deteriorenen as prestacións e a calidade dos mesmos, de tal xeito, que permita unha dotación orzamentaria nos próximos anos que posibilite garantir a sustentabilidade dos mesmos cunha prestación máis eficiente a un custo efectivo máis reducido, sempre dentro do cumprimento da Regra de Gasto e por suposto, dando cumprimento ao previsto na Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).

Tendo en conta que o IVE é un imposto non deducible na prestación de servizos nas que o Concello é o consumidor final, -practicamente en todos-, está a ter unha alta repercusión no custo dos mesmos, sobre todo naqueles en que o custo de persoal ten unha ponderación alta na estrutura de custos dos servizos, polo que, si o servizo fose prestado directamente polo Concello, estaríase a aforrar o IVE correspondente ao custo do persoal, polo que, na procura de continuar na senda de prestar os servizos cun custo menor, sería conveniente avaliar a internalización dalgún servizo, sempre e cando non supoña unha perda de calidade.

Así mesmo, na aprobación dos proxectos técnicos dos investimentos ou no proceso de fiscalización do PCAP, con carácter previo á licitación dos procedementos de contratación, cando o investimento teña por obxectivo a prestación dun novo servizo, deberase achegar ao expediente, un informe de avaliación dos custos de funcionamento ordinario do mesmo e de mantemento, coa finalidade de verificar se o investimento ten garantida a sustentabilidade orzamentaria e financeira en termos de funcionamento e da prestación do servizo.

En todo caso, os estudos de metodoloxía, eficacia e eficiencia dos servizos, deben facerse con independencia dos recursos orzamentarios para a súa prestación.

Os servizos máis relevantes que se recollen neste capítulo son os da recollida dos residuos sólidos urbanos, limpeza viaria, recollida selectiva, tratamento de residuos, mantemento de contedores e papeleiras, mantemento da rede semaforica, recollida de vehículos da vía pública, mantemento de xardíns e parques infantís, limpeza de colexios, limpeza de dependencias municipais, mantemento da iluminación pública, mantemento da rede viaria, mantemento de túneles, pintado do viario, mantemento de beirarrúas, escolas infantís, escola de música, escola de teatro, escola de danza, mantemento de colexios, mantemento de instalacións deportivas e culturais, gastos de seguridade en museos, atención ao público en dependencias culturais, cobertura de riscos, programas de metadona, atención domiciliaria, centros de día, centro de servizos sociais, programas de infancia e maiores, programa de ludotecas, bibliotecas públicas, prestación de servizos financeiros, servizo de axuda no fogar, rede de voz e datos e alugueiros de bens inmóbeis.

En canto aos subministrados, os máis representativos son os de enerxía eléctrica, comunicación, combustibles, vestiario, material de oficina non inventariable, renting do material móbil da Policía local, renting do material de protección do servizo de extinción de incendios, así como os contratos de prestación para o funcionamento normal dos restantes servizos.

Queda igualmente recollido neste capítulo, aquel gasto que non ten o carácter de obrigatorio pero que ten como finalidade o desenvolvemento das competencias propias dos entes locais, tal é o caso das políticas culturais, educativas, lúdicas, de xuventude, de igualdade, turismo, comercio, etc, sempre tendo en



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 03/04/2014 10:21	Páxina 33 de 61
Expediente 27/142	Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

conta as limitacións dos artigos 25, 7 e 27 da LBRL.

Xa para rematar a análise deste capítulo, hai que adecuar as prestacións dos servizos que se están a facer, co contido das competencias propias que teñen atribuídas as Entidades Locais reguladas no artigo 25 da Lei 7/1985, e naqueles casos que se acometan prestacións non propias, estas estean amparadas nos procedementos e trámites que establece o artigo 7.4 e 27 da Lei 7/1985 coa modificación operada pola Lei 27/2013, LRSAL.

### *Capítulo III do estado de gastos, gastos financeiros*

Ao Capítulo III do estado de gastos se lle atribúe unha consignación de 1.063.719 euros, que representa unha diminución do 52,40 por 100 con respecto ao exercicio 2013, neste capítulo non hai máis dotación que aquela que se considera necesaria para afrontar os devengos que se producen como consecuencia de débeda viva máis 10.000 euros para gastos de demora e 2.000 euros para gastos de formalización, polo que, da totalidade, 1.051.919 euros, están destinados ao servizo de débeda.

Aínda que os custos son aproximados, xa que a análise faise en función das estimacións que se prevén da evolución de tipos xuros (Euribor trimestral) para o ano 2014 e das disposicións que se fagan do préstamo concertado no ano.

A referida consignación representa un 0,47 por 100 do total do gasto orzamentario e o 0,52 por 100 sobre o gastos correntes non financeiros.

Para a determinación da dotación orzamentaria, tivéronse en conta as condicións financeiras de cada préstamo e a previsión do gasto financeiro da operación proxectada. Para o cálculo do custo dos recursos alleos, tívose como tipo de referencia Euribor + marxe cun custo do 5% que é maior co que se estaba a aplicar. As entidades financeiras están a trasladar vía diferencial o custo da prima de risco a longo prazo, asimilable ao bono a dez anos, polo que, o diferencial está nunha banda que oscila entre o 3% e o 4 %, aínda que a prima de risco, está a ter axustes importantes á baixa non se está a trasladar ao custo das operacións. Para o cálculo da anualidade teórica de amortización, tense en conta o tipo de xuro asinado en cada contrato.

Non se está a ter en conta a amortización extraordinaria que se poida acordar no ano 2014, polo que, os custos do endebedamento están calculados tendo en conta o plan de amortización ordinario dos pasivos. É evidente, que se se producen amortizacións extraordinarias, o custo da débeda concertada sería menor como aconteceu no ano 2013. En relación con esta posibilidade, no informe de Liquidación do Orzamento do ano 2013, xa expresou a posibilidade de destinar o superávit SEC-95, a facer fronte a unha amortización extraordinaria da débeda concertada no ano 2013.

É importante sinalar, que a débeda pendente coa Administración do Estado correspondente as liquidacións negativas das entregas a conta dos anos 2008 e 2009, non devengan xuros, polo que a súa carga financeira limitase a devolución anual das cantidades que legalmente se establezan, que afectan ao orzamento de ingresos, non o de gastos. Ademais, non computa como débeda aos efectos de calcular o coeficiente de endebedamento.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 34 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

En canto ao custo total polo servizo de débeda, vai a estar por debaixo do presupostado.

Capitais financeiros/bancarios

Identificación débeda	C. Pendente a 01/01 2014	Novo endebedamento	Tipo (euribor+diferencial)%	Intereses 2014
Ptmo. Caixagalicia 2005	3.018.780,51		1,50	45.281,00
Ptmo. BCL2008	7.770.128,82		1,5+0,065	121.602,00
Ptmo. Caixanova 2009	3.632.661,77		1,5+0,6	76.286,00
Ptmo. BBVA 2010	15.703.378,69		1,5+1,15	416.139,00
Ptmo, BBVA 2013	8.831.560,08		1,0+4,85	392.411,00
Nova operación 2014		6.800.000,00		
<b>Total</b>	<b>38.956.509,87</b>	<b>6.800.000,00</b>		<b>1.051.719,00</b>

Liquidación negativa da PTE 2008-2009/Administración Xeral do Estado

Identificación da débeda	C. Pendente a 1 de xaneiro 2014	Intereses 2014
Liquid. Negativa 2008	4.299.836,27	,00
Liquid. Negativa 2009	16.711.522,04	,00
<b>Total</b>	<b>21.011.358,31</b>	<b>,00</b>

#### Capítulo IV do estado de gastos, transferencias correntes

A cantidade prevista para atender o gasto en concepto de transferencias e subvencións correntes deste Concello para o ano 2014 é de 39.125.482,62 euros, cun aumento do 5,43 por 100 en comparación co orzamento anterior e unha ponderación no total de gastos do 17,34 por 100, e do 18,95 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros.

Hai unha diminución na transferencia a Xerencia Municipal de Urbanismo, xa que no ano 2013, dotouse unha contía para facer fronte á compensación do Remanente de Tesourería negativo por unha contía de 474.229,12 euros, que non se transfíre este ano, aínda que a variación non é por esta contía, senón por 253.412,70. O Instituto Municipal dos Deportes tamén pasa dunha dotación para facer fronte ao Remanente de Tesourería negativo do ano 2011 de 290.890,88 euros, a ter un de 77.128,62 euros, da Liquidación do ano 2012. Ao igual que aconteceu coa XMU, a baixa tampouco foi por esa contía, senón por 172.518,32 euros.

En termos de crecemento positivo, as máis salientables son as seguintes:

En canto ás dotacións ao Transporte Urbano colectivo increméntase as dotacións do ano 2013, aínda que, podería resultar insuficiente para facer fronte as políticas sociais de transporte, insuficiencia que xa se amosa nos anos 2012 - 2013. Cara o ano 2014, o incremento na dotación das aplicacións 4410.4700000 e 4410.4700001 é suficiente para un mes e medio adicional de gasto, polo que, as dotacións actuais, cubrirían o ano na súa totalidade, sendo as necesidades imputables a insuficiencias dotacionais dos anos 2012-2013, o incremento nas dotacións é do 12,15%.



En todo caso, se non hai un aumento do custo dos bonos e os usuarios están nas contías do ano precedente, a dotación anual será suficiente para facer fronte ao custo anual e para reducir parte do déficit dos dous anos anteriores. Tamén se deberá ter en conta a reorganización aprobada do servizo, que vai ter efectos positivos sobre o custo.

As transferencias correntes que se fan aos Organismos Autónomos Administrativos, ascenden a 13.257.406,06 euros, tendo en conta que no ano 2013, estaba recollida unha contía de 765.120,07 euros, para facer fronte ao déficit da Xerencia Municipal de Urbanismo e do Instituto Municipal dos Deportes, e que neste ano, a achega para facer fronte a déficit do Remanente de tesourería do IMD, é por unha contía de 77.128,62 euros, as contías en termos reais, sendo menores, son maiores, xa que o importe neto mellorou. As dotacións aos OO.AA, están a supor un 33,88 por 100 sobre o total deste capítulo.

As de benestar social e políticas de igualdade, por unha contía de 4.221.460,00 euros, representan un 10,79 por 100 do capítulo e supón un aumento de 2.187.000 euros, un 114,38%.

Pola contía que representan, a dotación para becas de comedor e libros por unha contía de 1.200.000 de euros, cun incremento de 200.000 euros, o convenio con FOAMPAS por unha contía de 656.039,31 euros, ou as axudas a familias en situación de marxinalidade por unha contía de 477.000 euros, son aplicacións importantes.

As adicadas ao fomento do deporte, por unha contía de 1.340.500 euros, representan un 3,43 por 100 do capítulo e aumentan un 5,93%.

O resto, están adicadas á Fundación Marco, Fundación Laxeiro, Fundación Liste, Fundación Axencia Municipal Enerxía, Fundación VIDE, Fundación Conventiun Bureaou, ás políticas de fomento de emprego co Plan Municipal de emprego cunha dotación de 2.802.000 euros. Dentro das de emprego, está é o Convenio de integración laboral coa Asociación Érguete por unha contía de 540.000 euros, o Plan de emprego xuvenil, cunha dotación de 500.000 euros, axudas a creación de empresas, por unha contía de 150.000 euros, a creación dun co-working, cunha dotación de 125.000 euros, e os convenios con asociacións para a creación de emprego, cunha dotación de 1.455.000 euros.

O convenio de xestión cultural co Pazo de Congreso Mar de Vigo, por unha contía de 500.000 euros, é outra das aplicacións que se recollen neste capítulo.

As que están dedicadas a facer fronte a situación de crise, están as destinadas a alugueiros, alimentos a carencia enerxética, cunha contía de 2.000.000 de euros.

Das que teñen un carácter externo, a transferencia máis importante e a que se fai ao Transporte urbano colectivo (Axudas ao custo do billete a xubilados cunha renda que non sobrepase o SMI, pensionistas con rendas limitadas, estudantes, mobilidade reducida, tarxeta verde, tarxeta social, lanzadeira ao Campus Universitario), por unha contía de 12.000.000 euros, que representa un 30,67 por 100 sobre o total deste capítulo.

Un resumo do capítulo, recollendo as dotacións máis salientables por programas orzamentarios é o seguinte:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 03/04/2014 10:21	Páxina 36 de 61
Expediente 27/142	Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Programa	Concepto	Contía
1550	Convenio mantemento parque tecnolóxico	180.000,00
2310	Becas comedor, libros, axudas a familias, comedores sociais, outras	2.099.060,00
2310	Axudas para alimentos, alugueiros e pobreza ou carencia enerxética	2.000.000,00
2311	Políticas de igualdade	122.400,00
2410	Convenios emprego, inserción laboral, plan de emprego municipal <sup>1</sup>	4.302.000,00
3133	Convenios cedro con médicos do mundo e outros colectivos	115.000,00
3210	Convenio FOAMPAS, becas internacionais, Conv. Cons. Galego, UNED	862.459,31
3330	Transferencia as Fundacións Marco, Laxeiro, Liste e outras axudas	858.484,00
3340	Convenios e subvencións cultura	99.400,00
3370	Subvencións e convenios Xuventude	72.000,00
3380	Convenios culturais e subvencións festas	943.670,00
3410	Subvencións ao deporte, clubs de elite, fundación VIDE, e outras	1.340.500,00
4310	Sub. Ao pequeno comercio	50.000,00
4320	Aportación a Fundación Conventium Bureao	95.000,00
4320	Convenio promoción Illas Cíes	200.000,00
4410	Axudas a Transporte P. para financiar unha parte do billete aos usuarios (S. mínimo, estudantes, etc)	12.000.000,00
9120	Implantación rutas e frecuencias, plan de apoio ao Aeroporto Peinador	670.000,00
9240	Subvencións de Participación cidadá	324.903,00
OO.AA	Transferencias correntes aos Organismos Autónomos	13.257.406,00

Con estas contías, queda explicada practicamente a totalidade da composición do capítulo IV do estado de gastos.

En canto aos estados consolidados, o importe é menor que o da propia Entidade Local, xa que unha parte importante deste capítulo son as transferencias correntes que a Entidade fai aos seus Organismos Autónomos e que no proceso de consolidación se anulan.

Coa finalidade de regular un tratamento homoxéneo da relación xurídica das subvencións nas diferentes Administracións Públicas, aprobouse a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS). O art. 17.2 da Lei establece que as bases reguladoras das subvencións das Corporacións Locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

En consecuencia, para garantir o principio de concorrencia, despois dos anos transcorridos, é necesario a tramitación administrativa da Ordenanza que xa foi informada por este servizo de fiscalización con data 13 de novembro de 2012.

A todo o proceso de concesión de subvencións, aos efectos de dar cumprimento ao contido da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, darase a publicidade de todas as contías e suxeitos beneficiarios polas mesmas.

En relación co cumprimento deste requirimento legal, terá vixencia a partir do 10 de decembro do ano 2014, polo que, deberanse adoptar as medidas técnicas para dar cumprimento ao mesmo.

<sup>1</sup> Inclúese a dotación ao Plan de Emprego Municipal do capítulo I



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 37 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

## Capítulo VI do estado de gastos, investimentos reais.

No cadro de investimentos, pódese comprobar a composición do financiamento para cada unha das operacións de capital non financeiro.

Tendo en conta o financiamento comentado, así como o aforro adicado ás operacións de capital non financeiro mailos ingresos de capital financeiro, o importe adicado a investimentos e transferencias de capital (empregos de capital non financeiro) totaliza un montante de 11.811.128,22 euros no orzamento da Entidade Local.

A contía dos investimentos é de 10.846.071,96 euros, que representa un 4,81 por 100 sobre o total do orzamento. O programa de investimentos dos estados consolidados ascende a 11.331.016,22 euros, nalgún caso os investimentos correspóndense co propio funcionamento operativo e noutros casos, supón investimentos destinados a uso xeral ou de servizo. A porcentaxe deste capítulo sobre a totalidade dos orzamentos é dun 4,97 por 100.

Os investimentos diminúen un 14,95 por 100 respecto ao 2013 no orzamento da entidade e un 14,85 por 100 nos estados consolidados.

A porcentaxe de diminución é máis baixa que a variación que ten a concertación da operación de novo endebamento, polo que hai unha transferencia de recursos do capítulo IX do estado de gasto ao capítulo de investimentos.

Na tramitación de investimentos xeradores de gastos, unha vez concluído o expediente e con carácter previo á aprobación do expediente de contratación, deberase achegar un informe de avaliación dos custos de funcionamento ordinario do servizo e de mantemento.

Así mesmo, en tódolos casos, en cada expediente que se tramite, terá xustifico o investimento e a competencia que o ampara.

A operación de endebamento prevista para financiar parte do capítulo de investimentos é máis pequena ca do ano 2013, pasando de 9.100.000 euros no orzamento do ano 2013 a 6.800.000 euros previstos no orzamento do ano 2014, en consecuencia, os investimentos teñen un financiamento afectado menor. O financiamento afectado con cargo á operación de préstamo prevista é de 6.800.000 euros, o resto financíase co superávit corrente non financeiro.

Non consta compromiso algún doutros axentes Públicos ou privados para financiar investimentos conxuntamente coa Entidade Local.

Entidade, orixe do financiamento dos investimentos reais

F. Propia	Financiamento alleo					T. Oper. capital Non financeiro
	Préstamo	Deputación	Xunta Galicia	Unión Europea	Admón. Central	
4.046.071,96	6.800.000,00	0	0	0	0	10.846.071,96



## Estados consolidados

F. Propia	Financiamento alleo					T. Oper. capital Non financeiro
	Préstamo	Deputación	Xunta Galicia	Unión Europea	Admón. Central	
4.531.016,22	6.800.000,00	0	0	0	0	11.331.016,22

En canto á aplicación dos fondos, achégase un estado co plan de investimentos e unha relación de proxectos así como as transferencias de capital.

De igual xeito, achégase un estado cos investimentos do ano 2014 e os tres seguintes (2014-2017), e o financiamento previsto (PAIF), dando así cumprimento ao previsto no artigo 15 da Orde do MINHAP 2105/2012, do 1 de outubro que desenvolve a LOEOeSF.

Quedan recollidas as anualidades comprometidas no ano 2011 en relación cos proxectos de obras de humanización, así como as do ano 2010 do mercado do Progreso, e as do ano 2012 do Mercado do Berbés e do Centro Cívico da Miñooca. Tamén quedan recollidos no proxecto dos orzamentos os compromisos do ano 2013 que teñen unha anualidade no ano 2014 (E.I. Navia, Accesibilidade P. Sol, Parque do servizo de extinción de incendios, etc).

En canto á anualidade da humanización da Rúa Brasil adxudicada en decembro do ano 2011, a súa dotación é de 500.000 euros, xa que a anualidade prevista para o ano 2013 era de 1.070.000 euros, habéndose producido un axuste de anualidades, sendo a anualidade real do ano 2013, 570.000 euros, polo que a dotación restante, 500.000 euros, faise con cargo ao orzamento do ano 2014.

*Compromisos de investimentos plurianuais (anualidade 2014)*

Aplicación	Concepto de Investimento	Contía
4310.6320001	Mercado do Progreso, 2ª anualidade do modificado	400.000,00
4310.6320000	3ª anualidade das obras do Mercado do Berbés,	300.000,00
1350.6320000	2ª anualidade das obras de mellora do Parque de Bombeiros de Teis	230.932,12
1550.6190027	4ª anualidade das obras de humanización da Rúa Brasil	500.000,00
1550.6190050	2ª anualidade da obras accesibilidade entre Porta do Sol e Abeleira Menéndez	162.491,98
3210.6220003	2ª anualidade obras de construción da Escola Infantil de Navia	382.746,10
9240.6220000	3ª anualidade de construción do Centro Cívico Praza da Miñooca	227.839,24
Total		2.204.009,44

En canto as anualidades do mercado do Berbés, o acordo adoptado en canto aos compromisos de cada ano, é por unha contía maior, polo que, en aplicación do previsto no artigo 96 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, hai que facer un axuste de anualidades.

A execución do capítulo de investimentos, terá que axustarse aos límites da Regra de Gasto, polo que é necesario, facer unha planificación na tramitación dos expedientes, de tal xeito que resulte compatible nos temos sinalados, coa modificación da aplicación do superávit SEC-95 da Liquidación do ano 2012 e coa incorporación de remanentes da liquidación do ano 2013.



### Capítulo VII do estado de gastos, transferencias de capital

Son de aplicación a este Capítulo, as achegas que fai a Entidade Local, sen contraprestación directa do axente perceptor, con destino a financiar operacións de capital, ascendendo á cantidade de 965.056,26 euros, supoñendo unha diminución do 13,84 por 100 en relación co ano anterior e unha ponderación do 0,43 por 100 sobre o total do Orzamento. As transferencias de capital que se recollen no orzamento a favor dos OO.AA, é por unha contía de 418.922,84 euros.

Ao igual que o xa informado para o capítulo IV, a tramitación destas subvencións, deberá estar sometidas aos procedementos de concorrencia competitiva, de aí a necesidade de que se tramite e entre en vigor o Regulamento-Ordenanza de subvencións.

Os estados consolidados, ao igual que sucede co capítulo IV, son de menor contía que os da Entidade Local, 546.133,42 euros, xa que quedan anulados os importes que son transferidos aos Organismos Autónomos que a súa vez estes destinan a investimentos. As variacións negativas dos Estados consolidados, é do 12,78 por 100. A ponderación sobre o total do Orzamento en dun 0,24 por 100.

O financiamento destas operacións son tanto para Entidade Local como nos estados consolidados as que se reflicten na cadro adxunto. Tamén ao igual que sucede con parte dos investimentos, o financiamento é 100 por 100 con cargo ao superávit corrente orzamentario.

#### Entidade

F. Propia	Financiamento alleo					T. Oper. capital
	Préstamo	Deputación	Xunta Galicia	Unión Europea	Admón. Central	Non financeiro
965.056,26		0	0	0	0	965.056,26

#### Estados Consolidados

F. Propia	Financiamento alleo					T. Oper. capital
	Préstamo	Deputación	Xunta Galicia	Unión Europea	Admón. Central	Non financeiro
546.133,42		0	0	0	0	546.133,42

### Capítulo VIII do estado de gastos, activos financeiros

Mantén o importe do ano anterior, e ten como finalidade a tramitación de anticipos ao persoal, non hai nada salientable que comentar a este capítulo, supoñendo un 0,27 por 100 respecto do total do orzamento.

Para os estados consolidados, a finalidade é a mesma, representa un 0,29 por 100 sobre o orzamento, hai unha variación do -1,32% en relación co ano precedente por axustes no OA Vigo Zoo. Os organismos Autónomos, teñen que ter unha dotación que non exceda a proporción que lle corresponda á Entidade Local en función das súas plantillas.





### *Capítulo IX do estado de gastos, Pasivos financeiros*

O Capítulo IX recolle o gasto correspondente ás cotas de amortización anual das diferentes operacións xa consolidadas. As amortizacións correspondentes á devolución das liquidacións negativas pola PTE non computan neste capítulo, xa que se fan por compensación como devolución de ingresos indebidos, tampouco se teñen en conta para o cálculo da estabilidade orzamentaria, é dicir, as amortizacións non se están computando como gasto, senón como menor ingreso, quedando así constancia no concepto 42010 do estado de ingresos.

A DF Trixésima primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, modifica o Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

A efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido de avais, incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada. Nese importe non se incluírán os saldos que deban reintegrar as Entidades Locais derivados das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado.

Este capítulo ten dotado unha contía de 6.800.355,46 euros, cunha baixa do 25,42 por 100 en relación co ano 2013, representando un 3,01 por 100 sobre o total do orzamento.

Como variacións máis salientables na composición deste capítulo, é a incorporación da primeira anualidade do préstamo concertado no ano 2013. Por outra banda, como consecuencia dos acordos adoptados polo Pleno da Corporación en sesións do 27/05/2013 e 05/08/2013, amortizouse anticipadamente a operación formalizada co BBVA no ano 2010, que tiñan un capital vivo de 9.334.884,18 euros. Así mesmo, tamén foi obxecto de amortización anticipada, a operación formalizada con NGB no ano 2011 por unha contía de 9.287.287,35 euros. En consecuencia, estas operacións saíron do cadro de débeda.

Os estados consolidados manteñen as mesmas contías que as da Entidade Local, xa que os Organismos Autónomos non teñen débeda financeira algunha formalizada.

Préstamos vivos e liquidación polas entregas a conta e contía de amortización anual.

Endebedamento financeiro con entidades bancarias.

A táboa contén a seguinte información:

Recolle todas as operacións que teñen un saldo vivo a 31/12/2013, incluíndo xa a formalizada no ano 2013, estando todas cun período de amortización de 10 anos, a concertación da operación prevista para o ano 2014 e a amortización ordinaria que se vai producir no ano tendo en conta os contratos asinados coas entidades financeiras.

De adoptarse acordo algún sobre a amortización anticipada da operación concertada no ano 2013, a contía da débeda financeira a final do ano 2014, será menor nesa contía.



Identificación da débeda	Pendente a 1 /01 2014	Novo endebedamento	Amortización ordinaria 2014	Pendente a 31/ 12/2014 sen amort. extraordinaria
Ptmo. Caixagalicia 2005	3.018.780,51		-1.509.390,25	1.509.390,26
Ptmo. BCL2008	7.770.128,82		-1.554.025,76	6.216.103,06
Ptmo. Caixanova 2009	3.632.661,77		-605.443,63	3.027.218,14
Ptmo. BBVA 2010	15.703.378,69		-2.243.339,81	13.460.038,88
Ptmo, BBVA 2013	8.831.560,08		-888.156,01	7.943.404,07
Nova operación 2014		6.800.000,00		6.800.000,00
T. D. Financeira	38.956.509,87	6.800.000,00	-6.800.355,46	38.956.154,41

Endebedamento Financeiro previsto para o ano 2014. A operación recollida no estado de ingresos do orzamento, cuxo destino é o financiamento de parte do plan de investimentos para o ano 2014.

Ptmo, 2014	6.800.000,00	6.800.000,00
<b>Total</b>	<b>6.800.000,00</b>	<b>6.800.000,00</b>

Anualidade teórica de amortización financeira e non financeira

Nesta anualidade xa se está a prever a operación a concertar no ano 2014, o sistema de cálculo é o método francés, cun prazo de amortización de 10 anos sen diferir.

Préstamo	Importe	Prazo/ anos	Tipo interese %	Anualidade teórica 2013
Investimentos 2005	15.093.902,51	10	Euribor (1,5)	1.636.694,91
Investimentos 2008	15.540.257,62	10	Euribor (2)	1.730.042,92
Investimentos 2009	7.704.760,35	10	Euribor (2)	857.744,22
Investimentos 2010	24.943.440,79	10	Euribor (3)	2.924.132,20
Liquid. Negativa 2008	6.789.215,35	10		678.215,00
Liquid. Negativa 2009	21.109.291,08	10		2.110.929,00
Ptmo, 2013	8.831.560,08	10	Euribor (6,0)	1.199.926,04
Ptmo, 2014	6.800.000,00	10	Euribor (6)	923.902,12
<b>Total</b>				<b>12.061.586,41</b>

Compensacións coa Administración Xeral do Estado, polas liquidacións negativas pola cesión de tributos e FCF dos 2008-2009. O prazo de devolución é de 10 anos.

Identificación da débeda	Pendente a 01 /01 /2014	Compensacións 2014	Pend 31/ 12/2014
Liquid. Negativa 2008	4.299.836,27	-543.137,24	3.756.699,03
Liquid. Negativa 2009	16.711.522,04	-2.110.929,11	14.600.592,93
T.D. AGE	21.011.358,31	-2.654.066,35	18.357.291,96



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 42 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Carga financeira

Concepto	Inicio de 2014	Peche de 2014
Xuros por operacións financeiras		1.051.719,00
Amortización de débeda (financeira/ bancaria)		6.800.355,46
<b>Total xuros e amortización</b>		<b>7.852.074,46</b>
Dereitos liquidados I.C.N.F, estados consolidados 2013	233.771.104,74	233.771.104,74
Débeda viva financeira (bancaria), incluída op. L/p, 2014	<b>38.956.509,84</b>	<b>38.956.154,41</b>
<b>% Carga financeira bancaria</b>		<b>3,4</b>
<b>% Endebemento financeiro (bancario, incluída op.2014)</b>	<b>16,66</b>	<b>16,66</b>

Aos efectos do tratamento que lle hai que dar aos reintegros polas Liquidacións negativas correspondente a cesión de Tributos do Estado e o Fondo Complementario de Financiamento correspondente aos anos 2008-2009, a Disposición Final Trixésimo Primeira da Lei 17/2013, de 27 de decembro, establece que, a efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido de avais, incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada. Nese importe non se incluírán os saldos que deban reintegrar as Entidades Locais derivados das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado.

En canto ás variables a finais do ano 2014, hai que tomaras coa prudencia necesaria, tendo en conta a aplicación do artigo 12.5 e 32 da LEOeSF, tamén se poderían aprobar amortizacións extraordinarias de préstamos, o que suporía unha menor contía de capitais pendentes ao remate do ano 2014. En consecuencia, os datos están a ser previsionais, e o endebemento final do ano 2014, será unha consecuencia da Liquidación do estado de ingresos dese ano, da consolidación da operación do ano 2014 e das amortizacións extraordinarias que se fagan durante o ano.

En canto á posibilidade de acometer unha amortización extraordinaria, se esta se producise, habería que aplicala a aquel préstamo que está a ter un custo maior, e este é o formalizado no ano 2013, cun diferencial do 4,85 por 100. De adoptarse acordo en ese sentido, a situación a finais do ano 2014, sería por unha contía inferior en 8.831.560,08 euros, que se corresponde co importe que consolidou desa operación.

A Liquidación do orzamento do ano 2013, péchase cun superávit de 5.158.479,44 euros, polo que se se acorda a amortización da operación consolidada do ano 2013 por unha contía de 8.831.560,08 euros, o endebemento a 31/12/2014 sería ao redor do 13,2%.

Polo que se refire ao saldo non financeiro polas liquidacións da cesión de tributos do Estado e do Fondo Complementario de Financiamento, xa están pechadas as liquidacións definitivas dos anos 2010 e 2011, polo que non hai ningunha contía acreedora en relación a estes anos.

Con independencia do preceptivo informe que se emita na tramitación da operación de débeda a concertar no ano 2014, hai que informar, que en cumprimento do previsto no artigo 52.2 do TRLRFL, a Entidade ten capacidade para facer fronte, no tempo, as obrigas que devengan as operacións formalizadas e a que se pretenda formalizar.



Así mesmo, tamén coa modificación aprobada polas Cortes Españolas e incorporada á Constitución Española no seu artigo 135 “*Los créditos para satisfacer los intereses y el capital de la débeda pública de las Administracions se entenderán sempre incluídos en el estado de gastos de sus presupuestos y su pago gozará de prioridad absoluta. Estos créditos no podrán ser objeto de enmienda o modificación, mientras se ajusten a las condiciones de la ley de emisión*”.

O artigo 14 da LOEOSF, tamén regula a prioridade absoluta do pagamento da débeda pública. Con estas dúas normas, hai que pensar que o contido do previsto no artigo 52.2 do TRLRFL, está superado polas normas citadas.

En canto a concertación da operación, o procedemento queda desenvolvido neste informe cando se avalía o capítulo IX do estado de ingresos.

*Execución media do estado de gastos da entidade e dos estados consolidados dos últimos exercicios*

<b>% Execución Estado de Gastos da Entidade</b>														
<b>Anos</b>														
<b>Capí.</b>	<b>2008</b>		<b>2009</b>		<b>2010</b>		<b>2011</b>		<b>2012</b>		<b>2013</b>		<b>Media</b>	
	<b>“O”</b>	<b>“RP”</b>	<b>“O”</b>	<b>“RP”</b>	<b>“O”</b>	<b>“RP”</b>	<b>“O”</b>	<b>“RP”</b>	<b>“O”</b>	<b>“RP”</b>	<b>O</b>	<b>RP</b>	<b>O</b>	<b>RP</b>
I	92,29	97,27	93	97,97	95,89	99,98	95,93	99,36	92,33	99,67	96,87	99,93	94,39	99,03
II	90,95	79,21	90,7	79,36	89,98	80,04	96,61	82,19	95,91	83,25	96,4	87,97	93,43	82
III	82,39	95,7	25,5	98,12	17,61	89,01	57	100	50,81	100	38,91	100	45,37	97,14
IV	94,61	93,87	95,27	80,45	94,55	93,53	90,34	97,22	93,02	95,17	96,35	92,28	94,02	92,09
VI	43,85	59,54	69,44	90,76	62,41	87,13	84,95	94,41	77,28	78,63	66,4	83,2	67,39	82,23
VII	56,2	14,88	69,32	14,53	28,14	80,9	16,96	100	90,19	92,64	80,08	86,74	56,82	64,95
VIII	76,04	90,24	81,97	100	76,5	91,5	80,1	91,26	89,8	91,09	77,62	91	80,34	92,52
IX	100	96,59	98,86	84,51	98,4	85,34	98,35	100	99,36	100	99,84	100	99,14	94,41
<b>Total</b>	<b>83,31</b>	<b>81,05</b>	<b>84,4</b>	<b>84,42</b>	<b>82,43</b>	<b>88,03</b>	<b>91,44</b>	<b>91,12</b>	<b>92,47</b>	<b>89,54</b>	<b>94,19</b>	<b>92,65</b>	<b>88,04</b>	<b>87,81</b>

<b>% Execución Estado de Gastos Consolidado</b>														
<b>Anos</b>														
<b>Capí.</b>	<b>2008</b>		<b>2009</b>		<b>2010</b>		<b>2011</b>		<b>2012</b>		<b>2013</b>		<b>Observacións</b>	
	<b>“O”</b>	<b>“RP”</b>	<b>“O”</b>	<b>“RP”</b>	<b>“O”</b>	<b>“RP”</b>	<b>“O”</b>	<b>“RP”</b>	<b>“O”</b>	<b>“RP”</b>	<b>O</b>	<b>RP</b>		
I	92,45	97,35	91,86	98,02	94,96	99,86	95,13	99,35	91,57	99,54	96,58	99,8		
II	90,49	79,87	89,67	80,17	89,94	80,57	95,69	82,42	94,75	82,47	96,06	88,01		
III	82,39	95,7	25,5	98,12	17,61	89,01	56,99	100	50,81	100	38,91	100		
IV	91,58	90,2	92,74	77,8	91,34	90,64	85,16	95,5	88,06	91,3	94,34	87,99		
VI	46,11	67,6	68,34	89,79	55,37	86,32	82,88	93,02	72,48	78,44	63,74	82,88		
VII	56,71	20,66	67,6	19,02	24,99	82,43	13,36	83,46	79,72	98,64	52,31	91,37		
VIII	73,6	91,29	79,98	99,46	75,19	91,97	77,94	92,26	85,84	91,91	76,98	91,98		
IX	100	96,59	98,86	84,51	98,4	85,34	98,35	100	99,36	100	99,84	100		
<b>Total</b>	<b>82,16</b>	<b>81,19</b>	<b>83,03</b>	<b>84,81</b>	<b>79,01</b>	<b>87,66</b>	<b>89,99</b>	<b>90,5</b>	<b>90,4</b>	<b>89,04</b>	<b>93,03</b>	<b>92,29</b>		



Onde:

O: Son as obrigas recoñecidas. RP: Os pagamentos executados no ano.

A información dos empregos orzamentarios que se amosa nas táboas de referencia que tamén se incluírá para os recursos, ten por obxecto dar unha información de síntese do grado de execución de cada un dos capítulos a medio prazo.

É importante sinalar, que estamos ante orzamentos definitivos, nos que están incluídas todas as modificacións orzamentarias, incluídas a de incorporación de remanentes. Con carácter xeral, o capítulo de investimentos, os seus saldos incorpóranse como remanentes ao orzamento seguinte, polo que, os gastos que quedan na fase contable de compromiso, son executados ao ano seguinte.

A media de execución do ano 2013 supera a dos últimos anos. Tendo en conta as limitacións á incorporación de remanentes, a execución tenderá a ser máis próxima aos créditos definitivos.

É necesario, que os orzamentos que se aproben cada ano, non queden sometidos á distorsión que xera a incorporación de remanentes. Se o orzamento que se aproba está a dar cumprimento a Regra de Gasto e non queda marxe de incremento, a incorporación de remanentes está a xerar un desbordamento puntual dese teito, o cal obriga a facer unha nova planificación da execución do gasto, sendo o resultado final, que parte do gasto previsto para o ano no capítulo de investimentos, pase a ser executado no ano seguinte coa incorporación de remanentes. En resumo, hai que ir na liña da execución anual, o artigo 176 do TRLRFL, establece a temporalidade dos créditos, polo que, as aplicacións que non se executen no ano, se lle aplicará o contido do artigo 175 do TRLRFL, ao non estar afectados ao cumprimento de obrigas, anuláanse, deste xeito tense garantido que o cumprimento da Regra de gasto, estase a cumprir sempre, e elimínanse as tensións que xeran as obrigas dos remanentes incorporados.

En todo caso, tan só serán incorporables como remanentes aquelas aplicacións do capítulo VI, que por razóns de planificación orzamentaria, non estivese prevista a súa execución total no transcurso do exercicio, aínda que, sempre teñen que ser gastos que estean en Fase de Compromiso.

Tendo en conta que o proxecto de Orzamento do ano 2014 está formado sobre a base da Liquidación do ano 2013, respectando a TRCPIB e o cumprimento da Regra de Gasto, resulta ser unha base sólida e rigorosa sobre a que se formaron os estudos das cifras que nel figuran.

## INGRESOS

### *Análise do estado de ingresos*

Ao igual que no estado de gastos, farase unha comparativa en relación co ano anterior, tanto para a Entidade como para os estados consolidados. Avaliaranse igualmente os conceptos de ingresos máis importantes e o seu peso sobre os ingresos correntes non financeiros e sobre a totalidade do orzamento.

En resumo, aplicarase a metodoloxía de análise que se fixo para o estado de gastos.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 45 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**ESTADO DE INGRESOS DO ORZAMENTO DO ANO 2014 ATENDENDO Á NATUREZA ECONÓMICA  
(Entidade e Estados Consolidados).**

Capítulo	Descrición	Recursos	
<b>Operacións correntes</b>			
		Entidade Local	Estados Consolidados
I	Impostos Directos	102.241.340,00	102.241.340,00
II	Impostos Indirectos	6.501.120,00	6.501.120,00
III	Taxas, Prezos públicos e outros ingresos	35.251.477,40	39.221.547,86
IV	Transferencias correntes	71.116.818,09	69.495.611,58
V	Ingresos Patrimoniais	3.180.000,00	3.237.323,17
<b>Total Recursos por operacións Correntes non financeiras</b>		<b>218.290.755,49</b>	<b>220.696.942,61</b>
<b>Operacións de capital</b>			
VII	Transferencias de capital	,00	,00
<b>Total Recursos por operacións de capital non financeiras</b>		<b>,00</b>	<b>,00</b>
<b>Total ingresos por operacións non financeiras</b>		<b>218.290.755,49</b>	<b>220.696.942,61</b>
VIII	Activos financeiros	600.000,00	670.040,48
IX	Pasivos financeiros	6.800.000,00	6.800.000,00
<b>Total Recursos por operacións de capital financeiras</b>		<b>7.400.000,00</b>	<b>7.470.040,48</b>
<b>Total Operacións de Capital</b>		<b>7.400.000,00</b>	<b>7.470.040,48</b>
<b>TOTAL XERAL INGRESOS</b>		<b>225.690.755,49</b>	<b>228.166.983,09</b>

**ORZAMENTO COMPARATIVO DO ESTADO DE INGRESOS DO ANO 2013-2014 ATENDENDO Á NATUREZA ECONÓMICA (Entidade e Estados Consolidados)**

Capítulo	Entidade Local			Estados Consolidados		
	Importe 2013	Importe 2014	+/- .%	Importe 2013	Importe 2014	+/- %
1 Impostos directos	101.703.710,00	102.241.340,00	0,53%	101.703.710,00	102.241.340,00	0,53%
2 Impostos indirectos	6.749.060,00	6.501.120,00	-3,67%	6.749.060,00	6.501.120,00	-3,67%
3 Taxas, P. Pú. outros ingresos	35.051.477,40	35.251.477,40	0,57%	39.317.858,03	39.221.547,86	-0,24%
4 Transferencias correntes	70.165.126,75	71.116.818,09	1,36%	68.543.920,24	69.495.611,58	1,39%
5 Ingresos patrimoniais	2.680.000,00	3.180.000,00	18,66%	2.750.347,81	3.237.323,17	17,71%
8 Activos financeiros	600.000,00	600.000,00	0,00%	679.040,48	679.040,48	0,00%
9 Pasivos financeiros	9.100.000,00	6.800.000,00	-25,27%	9.100.000,00	6.800.000,00	-25,27%
<b>Total</b>	<b>226.049.374,15</b>	<b>225.690.755,49</b>	<b>-0,16%</b>	<b>228.843.936,56</b>	<b>228.175.983,09</b>	<b>-0,30%</b>



### Información xeral sobre o estado de ingresos

Os ingresos totais segundo o Proxecto do Orzamento do Concello para 2014, ascenden a 225.690.755,49 euros, fronte aos 226.049.374,15 euros do último orzamento aprobado, o que supón unha variación á baixa do (0,16%). Os estados consolidados ascenden a 228.166.983,09 euros, e a variación á baixa é do (0,30 %). Como xa se mencionou neste informe, o orzamento de ingresos consolidado preséntase cun superávit de 77.128,62 euros, sendo a súa finalidade a de facer fronte á liquidación negativa do Instituto Municipal dos Deportes correspondente á Liquidación do Orzamento do ano 2012.

Os ingresos correntes non financeiros (suma dos capítulos 1 a 5 do estado de ingresos) totalizan 218.290.755,49 euros, fronte aos 216.349.374,15 euros do Orzamento do ano 2013, polo que se incrementan nun 0,90%, manténdose a autonomía da entidade, xa que preserva a súa capacidade para facer fronte aos empregos non financeiros, hai en definitiva, un aumento do índice de cobertura.

En canto aos ingresos por operacións de capital non financeiro (Capítulo VI e VII) non hai previsión algunha, situación que xa se deu nos anos 2012-2013.

Nunha análise do estado de ingresos, compre salientar unha estabilidade nos Impostos Directos, conformados polo IBI, IAE, IVTM, IRPF e IIVTNU. En canto aos Impostos Indirectos, a variación e consecuencia do IVE e dos II.EE, manténdose a tributación local nos termos dos anos precedentes. As taxas e outros ingresos, tanto na Entidade como nos estados consolidados hai axustes de escasa contía. Non houbo actualización nin de bases nin de tipos en ningunha figura tributaria (Impostos, taxas e C. Especiais), tampouco se actualizaron os prezos públicos, polo que, as pequenas variacións, obedecen a axustes nos obxectos tributarios ou no cumprimento das previsións do ano anterior.

Tendo en conta os equilibrios orzamentarios en termos de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, a conxelación impositiva ten que ir acompañada dunha estabilidade no estado de gastos (non crecemento), que non sempre se consegue. A análise que se fai dos estados consolidados, o capítulo II do estado de gastos, incrementa nun 2,36% (2.636.439,81 euros), mentres os ingresos propios consolidados, incrementan 1.024.605,36 euros, sendo os demais incrementos de fontes que non dependen da vontade municipal. Os equilibrios estanse a conseguir polo transvase de custos dos capítulos III e IX de gastos (minoración), aínda que isto ten un recorrido escaso, non é estable, os axustes son puntuais, polo que, as decisións que se adopten sobre os ingresos, teñen que ter unha resposta similar no estado de gastos, de non ser así, poderíase por en perigo o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, aínda que non afectaría ao orzamento do ano 2014.

Nas transferencias correntes hai unha minoración no Fondo Complementario de Financiamento do 3,51 por 100. No entanto, na mesma comunicación que fai o Ministerio de Facenda con data de Rexistro de Entrada do Concello 16/10/2013, número de rexistro 130120114, se notifica unha liquidación positiva do Fondo Complementario correspondente ao ano 2012 de 2.451,06 mil euros, que ven a mitigar o efecto negativo da baixa nas entregas a conta.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 47 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Non se comunica a liquidación da cesión de impostos por non estar rematado a cálculo ata o segundo trimestre do ano 2014. Pois, tendo en conta a cesión de impostos, que tamén ten unha baixa do 3,74 por 100, máis a minoración do FCF, a baixa total é do 3,54 por 100.

En canto a liquidación do FCF do ano 2012 pola contía de 2.451,06 mil euros, vai a formar parte das previsións do ano 2014, xa que a súa contía ven sendo ingresada no segundo ano ao que corresponde a liquidación, é dicir, no ano 2014, polo que, si engadimos a liquidación do ano 2012 á contía notificada dos ingresos a conta para o ano 2014, a perda tendo en conta todos os conceptos máis a liquidación, é do 0,22 por 100, sempre e cando a liquidación pola cesión de tributos non sexa negativa.

No entanto, a realidade e que os ingresos a conta para o ano 2014 baixan nun 3,54 por 100 en relación cos do ano 2013.

Cabe sinalar, a minoración na operación de endebedamento, que pasa dos 9.100.000,00 euros do ano 2013, ou 9.700.000,00 euros do ano 2012, aos 6.800.000,00 euros do ano 2014, o cal está a contribuir a unha redución moi importante no coeficiente de endebedamento para o peche do ano 2014, e polo tanto, no custo financeiro do servizo de débeda.

#### *Imposición directa e indirecta*

A variación positiva dos Impostos directos é dun 0,53 por 100.

O Imposto sobre Bens Inmóveis xuntamente co de características especiais, ten unha previsión de 63.750.000 euros, representa un 29,20 por 100 da totalidade dos ingresos correntes non financeiros e un 28,25 por 100 sobre a totalidade do orzamento. As previsións deste Imposto incrementábase respecto das aprobadas no Orzamento de 2013, nun 0,82 por 100 para os bens inmóveis e 9,76 por 100 nos de características especiais. Como se informou, non é consecuencia dunha maior carga impositiva, senón dunha mellora na xestión dos padróns. Hai unha conxelación de todos os impostos, taxas e prezos públicos, coa excepción das taxas pola galería de Navia e pola telefonía móbil.

A previsión feita para os Vehículos de Tracción Mecánica por unha contía de 15.600.000 euros, diminúe en relación ca do ano anterior nun 1,89%, representa o 6,91 por 100 do total do orzamento e o 7,15 por 100 sobre os ingresos correntes non financeiros. É posible que neste imposto a baixa sexa si cabe maior, xa que o Padrón fiscal tramitado, amosa unha contía menor.

O imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza urbana, ten unha previsión de 4.350.000 euros aumenta nunha porcentaxe do 3,57%, as previsións feitas representan un 43 por 100 das estimacións do ano 2010, esta previsión ten unha ponderación do 1,99 por 100 sobre os ingresos correntes non financeiros e do 1,93 por 100 sobre o orzamento total.

O Imposto sobre actividades económicas ten unha previsión de 13.500.000 euros, incrementa respecto do ano 2013 un 1,12 por 100, e está a representar un 6,18 por 100 sobre os ingresos correntes non financeiros e un 5,98 por 100 sobre o orzamento total.





En relación coa cesión do IRPF, a contía foi a notificada, que supón un axuste a baixa en relación coa comunicada para o ano 2013, ten unha previsión de 5.040.640 euros e supón unha diminución do 3,12%.

En tódolos casos, aparece xustificada as variacións previstas na imposición directa no informe económico financeiro de ingresos elaborado pola dirección de ingresos, aínda que, como se informou, non hai variación na carga impositiva, e as variacións son meros axustes.

Os Impostos Indirectos experimentan un axuste á baixa do 3,67%, que xa foran obxecto doutra baixa no ano 2013 en relación co ano 2012 nun 12,70 por 100. O axuste é consecuencia da minoración na cesión do IVE e dos II.EE, a contía prevista é de 4.167.340 euros de IVE e 1.333.680 de II.EE, sendo a minoración do 3,67%, imputable na súa totalidade ao IVE e aos II.EE.

O ICIO, mantén as previsións do ano 2013, que a esta data, se informa que se cumpriron as previsións. O capítulo II, representa unha ponderación sobre os ingresos correntes non financeiros do 2,98% e do 2,88% sobre o orzamento total.

### *Capítulo III*

As Taxas e Prezos Públicos medran nunha porcentaxe imperceptible do 0,57 por 100, representan un 15,62 por 100 do total do orzamento e un 16,15 por 100 dos ingresos correntes non financeiros. As variacións son por axustes en aproveitamentos do dominio público, recargo de constrinximento e outros ingresos de dereito público non suxeitos a un padrón.

Pola súa contía, as previsións que teñen especial singularidade son: Recollida do lixo vivendas, 11.150.000 euros, Lixo comercial, 5.500.000 euros, taxas pola utilización privativa ou especial do dominio público cunha estimación de 7.062.174,68 euros. Dentro destas, teñen singularidade propia: Entrada de vehículos, 1.540.000 euros, utilización do solo polas compañías de subministro eléctrico e gas, 2.500.000 euros, operadora telefónica, 700.000 euros. Outros ingresos, cunha previsión de 7.021.000 euros, onde teñen especial singularidade o recargo de constrinximento cunha previsión de 1.500.000 euros, xuros de demora, 600.000 euros, venda de materiais reciclables, 850.000 euros, sancións, multas e outros cunha previsión de 4.000.000 de euros.

Non hai variacións que merezan especial comentario ou análise, polo que considero suficiente o nivel de detalle que se fai no informe.

Tan só cabe informar, que as previsións feitas para o ano 2013, foron cumpridas, e como se pode verificar na táboa final deste informe, a execución das previsións que se fan dos ingresos, están sempre por encima do previsto, no caso do capítulo III, practicáronse liquidacións polo 120,4% das previsións.

### *Participación en ingresos doutras Administracións*

As previsións de ingresos que proveñen da Administración Xeral do Estado que figuran no



orçamento para o ano 2014, foron as notificadas oficialmente polo Ministerio de Facenda (Secretaría de Estado de Facenda e Orzamento), deducidas as compensacións polas liquidacións negativas pola Participación nos Tributos do Estado correspondentes aos anos 2008-2009, que pasan a devolverse-compensarse en 10 anos.

No concepto do Fondo Complementario de Financiamento, deducíronse 2.654.066,35 euros, que é precisamente a contía a compensar no ano 2014, sendo a variación negativa do 0,22% , habéndose tomado en consideración a liquidación do FCF do ano 2012. A contía que figura como previsión das entregas a conta do FCF é de 59.885.743,65 euros e a subvención ao Transporte Público é de 1.041.381,34 euros, contía ingresada no ano 2013.

A variación negativa pola cesión de Tributos do Estado e a contía do Fondo Complementario de Financiamento, ten un axuste á baixa do 3,54 por 100 en relación aos do ano 2013.

En canto á Participación nos Tributos da Comunidade Autónoma, mantense a contía do ano anterior en 6.199.366,92 euros, comunicada pola Xunta de Galicia, Consellería de Facenda o 28/01/2014.

Os importes relativos ao Plan Concertado e Drogodependencia, as previsións axústanse aos dereitos liquidados e comunicados no ano 2013 por unha contía de 1.600.000 euros e 550.000 euros respectivamente.

Non hai máis ingresos previstos, coa excepción de pequenas contías que cada ano se axustan en función das axudas do ano anterior.

As previsións que se están a facer no concepto 42010 do Estado de ingresos dos orzamentos, xa están deducidas as compensacións que a Administración Central está a facer en cada un dos meses nas entregas a conta. O orzamento de ingresos previsto para o ano 2014, tomou en consideración a notificación en términos brutos que fixo a Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos para a formación do orzamento do ano 2014, sobre esa contía, deducíronse as liquidacións negativas correspondentes aos anos 2008 e 2009, por unha contía de 2.654.066,35 euros, 543.137,24 euros ano, da liquidación do ano 2008 e 2.110.929,11 euros ano da correspondente ao ano 2009. As deducións da liquidación do ano 2008 e do ano 2009, fíxose integramente no concepto 42010, por ser este no que se fan as compensacións. Sobre esa contía, engadíuselle a liquidación comunicada do FCF do ano 2012 que será ingresada no ano 2014.

En consecuencia co anterior, se se alteráanse o contido da Lei dos Orzamentos do Estado para o ano 2014, que dese lugar a unha información distinta, deberán facerse os axustes necesarios si fose o caso. Se se reducise a achega, habería que adoptar medidas de axuste nas aplicacións do estado de gastos, que poderían ser con cargo a vacantes da plantilla, xa que ante a imposibilidade legal para a incorporación de novo persoal, salvo a execución da/s Oferta Pública de Emprego xa aprobadas, tampouco a contratación de persoal laboral temporal, interinos ou calquera forma prevista que poida supor un incremento de medios ao capítulo I, salvo casos excepcionais para atender servizos públicos esenciais, é polo que, parte das dotacións das devanditas vacantes, podería ser obxecto de declarar indispoñible si fose o caso.

En todo caso, hai que informar, que nunca aconteceu, que unha vez aprobada a Lei Xeral dos Orzamentos do Estado, tivésense producido cambios na contía das entregas a conta previstas na norma.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 50 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Tendo en conta as previsións da Lei 22/2013, dándose cumprimento aos requirimentos en canto a masa salarial e a data de subscrición do Plan, non cabería a posibilidade de facer o axuste con cargo á aplicación 2210.1270000, Fondo de Pensións, pola súa aplicabilidade á finalidade prevista por imperativo legal.

En resumo, considera esta Intervención, que podería facerse algún axuste no capítulo I do estado de gastos, se non se mantivese a participación dos ingresos e o Fondo Complementario de Financiamento para o ano 2014 de acordo as entregas a conta notificadas.

Non existindo no ámbito local o sistema de estabilizadores automáticos, sería prudente, que cando un ingreso non se este materializando nos termos previstos, polo órgano competente, previa proposta dos servizos económicos, se producise un axuste á baixa no gasto voluntario, todo elo aos efectos de non por en perigo o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Polo tanto, a partires do un de xaneiro do ano 2014, en aplicación do previsto no artigo 85 da Lei 2/2012, de 29 de xuño, seguirase a facer as compensacións mensuais na aplicación das entregas a conta nos termos e condicións previstas, é dicir, prorrateadas en 10 anos, tal e como se viñeron aplicando xa para o ano 2013.

#### *Resto das transferencias correntes*

As restantes transferencias, coa excepción da subvención ao transporte, -que se está a manter tendo en conta o ingreso do ano 2013-, as súas previsións carecen de importancia, polo tanto, non son obxecto de análise.

#### *Ingresos patrimoniais.*

Os ingresos patrimoniais, aumentan nunha porcentaxe do 18,66 por 100, sendo os axustes máis relevantes, os correspondentes aos rendementos financeiros o canon da concesionaria de abastecemento e saneamento de auga os xuros de demora por ingresos feitos fora de prazo. En todos casos, estase a facer unha previsión prudente. A ponderación deste capítulo é do 1,41% do total do orzamento e do 1,46% dos ingresos correntes.

As previsións contidas neste capítulo, pola contía, teñen singularidade propia as seguintes: Rendementos financeiros obtidos da xestión da liquidez, 1.300.000 euros, canon concesionaria de abastecemento e saneamento de auga, 1.300.000 euros, outras concesións, 500.000 euros.

#### *Pasivos Financeiros*

En canto á contía do préstamo, prevese a concertación dunha operación por un importe de 6.800.000 euros. A previsión desta operación, ten o seu amparo na contía das amortizacións das operacións financeiras que se detallan no capítulo IX do Estado de Gastos.



Concepto	2014
Amortización de débeda orzamentaria (préstamos bancarios)	6.800.355,46
Concertación de nova operación	6.800.000,00

No cómputo da amortización de débeda para concertación de novo endebedamento, non se ten en conta as amortizacións que se corresponden coas liquidacións negativas dos ingresos a conta pola participación nos Tributos do Estado e o Fondo Complementario de Financiamento 2008-2009, tomando só en consideración a débeda concertada con entidades financeiras e que amortiza con cargo ao estado do orzamento de gastos, e non aquela que amortiza por compensación con cargo as entregas a conta do ano 2014, xa que a mesma, non é tomada en consideración aos efectos do cómputo de endebedamento.

Deste xeito, a amortización neta da débeda financeira e non financeira é superior en 2.676.265,80 euros que a nova concertación. Débese ter en consideración que a análise que se fixo ten en conta manter as amortizacións tal e como están previstas até a data, é dicir, as previstas nos contratos asinados.

Na análise non se está a ter en conta a posible amortización extraordinaria da débeda, xa que esta, de producirse, ten o seu financiamento no remanente de tesourería para gastos xerais que se xerou a partires da Liquidación do orzamento do ano 2013.

O Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, en cumprimento do previsto no artigo 100.4 do RD 500/1990, non pode formar parte o orzamento inicial, por iso, as amortizacións extraordinarias que se fagan con cargo a este recurso, deberán ser obxecto dunha modificación orzamentaria, sempre despois de aprobada a Liquidación do Orzamento do ano 2013, e sempre e cando se cumpra a condición de que exista un saldo dispoñible suficiente para facer fronte a mesma. O resultado desta magnitude, permite adoptar acordos en relación coa amortización extraordinaria.

Non é posible legalmente, levar incorporado ao Orzamento de gastos do ano a amortización extraordinaria da débeda, cando o recurso financeiro desa amortización e o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais da Liquidación do ano 2013.

A información sobre o endebedamento a 31 de decembro de 2013 (01/01/2014), ten recollido a contía do préstamo consolidado concertado no ano 2013 coa entidade financeira BBVA, que resulta por unha contía distinta ca formalizada como máxima, que foi por 9.100.000 euros, tendo sido consolidada por 8.831.560,08 euros. A anualidade que figura no orzamento, está polo importe consolidado.

Incorpórase a primeira anualidade do préstamo concertado no ano 2013. Como consecuencia dos acordos adoptados polo Pleno da Corporación en sesións do 27/05/2013 e 05/08/2013, amortizouse anticipadamente a operación formalizada co BBVA no ano 2010, que tiñan un capital vivo de 9.334.884,18 euros. Así mesmo, tamén foi obxecto de amortización anticipada, a operación formalizada con NGB no ano 2011 por unha contía de 9.287.287,35 euros. En consecuencia, estas operacións saíron do cadro de débeda.

De todas as operacións vivas, a súa situación é a seguinte:

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 03/04/2014 10:21	Páxina 52 de 61
	Expediente 27/142	Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Débeda financeira con entidades bancarias

Identificación da débeda	Pendente a 01 /01 2014	Novo endebedamento	Amortización ordinaria 2014	Pendente a 31/ 12/2014 sen amort. extraordinaria
Ptmo. Caixagalicia 2005	3.018.780,51		-1.509.390,25	1.509.390,26
Ptmo. BCL2008	7.770.128,82		-1.554.025,76	6.216.103,06
Ptmo. Caixanova 2009	3.632.661,77		-605.443,63	3.027.218,14
Ptmo. BBVA 2010	15.703.378,69		-2.243.339,81	13.460.038,88
Ptmo, BBVA 2013	8.831.560,08		-888.156,01	7.943.404,07
Nova operación 2014		6.800.000,00		6.800.000,00
T. D. Financeira	38.956.509,87	6.800.000,00	-6.800.355,46	38.956.154,41

Compensacións coa Administración Xeral do Estado, Cesión de Tributos e FCF 2008-2009

O prazo de devolución é de 10 anos

Identificación da débeda	Pendente a 01 /01 /2014	Compensacións 2014	Pend 31/ 12/2014
Liquid. Negativa 2008	4.229.836,27	-543.137,24	3.686.699,03
Liquid. Negativa 2009	16.711.522,04	-2.110.929,11	14.600.592,93
T.D. AGE	20.941.358,31	-2.654.066,35	18.287.291,96

A nota informativa do MINHAP sobre o réxime legal aplicable ás operacións de endebedamento a longo prazo a concertar polas entidades locais no exercicio 2014, está a manter as condicións xa previstas para o ano 2013.

Sen prexuízo do establecido no capítulo VII do Título Primeiro do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL) aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, serán de aplicación ao réxime de endebedamento das entidades locais durante o exercicio 2014 os seguintes preceptos:

A Disposición Adicional décimo cuarta do Real Decreto Lei 20/2011 de 30 de marzo, de Medidas Urxentes en Materia Orzamentaria, Tributaria e Financeira para a Corrección do Déficit Público, foi dotada de vixencia indefinida pola disposición final trixésima primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.

En síntese, a posibilidade de apelar ao endebedamento no exercicio 2014, está condicionado ao cumprimento de tres requisitos:

1.- Aforro neto positivo deducido da liquidación do ano 2013, calculado na forma prevista no artigo 53 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 e na DF trixésima primeira da Lei 17/2012.

2.- Deberase acreditar o cumprimento de que o nivel de débeda consolidada non é superior ao 75% dos ingresos correntes liquidados, e o destino da mesma son investimentos. En canto ao nivel da débeda, deberase ter en conta, que si a porcentaxe é superior ao 75% e menor co 110%, neste caso, requirírase autorización para a concertación da operación, inclusive, no suposto de dar cumprimento aos restantes requisitos esixidos para a concertación da operación.



3.- Ademais do anterior, se a entidade liquidase o Orzamento con necesidade de financiamento, antes de concertar a operación deberá aprobar un Plan Económico Financeiro nos termos previstos na LOEOeSF.

Todo elo nos termos establecidos no TRLFL e a normativa de Estabilidade Orzamentaria.

A efectos do cálculo da anualidade teórica e da débeda viva, haberán de computarse todas as operacións de crédito e risco vixentes ao momento de concertación da operación, tanto a curto como a longo prazo, incluídas as concertadas ao amparo do mecanismo extraordinario de financiamento regulado no Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais. Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego. Real Decreto-lei 8/2013, de 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio á entidades locais con problemas financeiros. Polos saldos formalizados e non dispostos, e a/s operación/s que se proxecta/n concertar, e, descontados, no seu caso, dos ingresos que compoñen o denominador, os de carácter afectado a investimentos. Nestes últimos, as Contribucións Especiais afectas a investimentos, os ingresos do Patrimonio Público do chan e outros que tendo a cualificación de ingresos correntes, teñan a condición de afectados e non garantan a estabilidade dos saldos.

Como excepción ao anterior, é de aplicación durante o exercicio 2014 a Disposición Adicional 74ª da Lei 22/2013 de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2014, baixo o título Refinanciamento de operacións de crédito e réxime de endebedamento aplicable a entidades dependentes ou vinculadas a entidades locais; que establece no seu apartado 1º:

Como excepción ao disposto na disposición final trixésima primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, autorízase a formalización de operacións de refinanciamento de operacións de crédito a longo prazo concertadas con anterioridade á entrada en vigor do Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigacións de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais, sempre que teñan por finalidade a diminución da carga financeira, a ampliación do período de amortización ou o risco daquelas operacións, respecto das obrigacións derivadas das pendentes de vencemento.

4.- Os recursos a obter coa operación proxectada, teñen que ser destinados, necesariamente, ao financiamento de operacións de investimento.

Polo tanto, a concertación da operación proxectada queda condicionada ao cumprimento e acreditación dos requisitos anteriores. A planificación temporal da nova operación non comezará até que a Liquidación dos Orzamentos correspondentes ao ano 2013, este aprobada polo órgano competente, condición que xa está cumprida. A Liquidación do orzamento do ano 2013, foi aprobada por Resolución do Sr. Alcalde de data 05/02/2014, e púxose en coñecemento do Pleno na sesión do 31/03/2014.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 03/04/2014 10:21	Páxina 54 de 61
Expediente 27/142	Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Dos datos da Liquidación do ano 2013, o endebedamento ao peche do ano 2013, cos dereitos liquidados por operacións correntes non financeiras deducidos dos estados consolidados do ano 2013, o coeficiente de endebedamento financeiro é dun 16,66 por 100, menor co 75 por 100 dos ingresos correntes liquidados ou devengados.

En canto ao Aforro neto, aplicando a fórmula de cálculo prevista no artigo 53.1 do TRLRFL, cos axustes que quedan recollidos na nota informativa do MINHAP e positivo, dándose cumprimento ademais ao cumprimento ao obxectivo de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Tamén se deu cumprimento a regra de gasto.

Non existen avais concedidos, nin débedas coa Seguridade Social nin coa Axencia Tributaria aprazadas nin con Fondo de financiamento de pago a provedores (FFPP) do RD-I 4/2012 nin do RD-I 4/2013, polo que non hai nada que engadir ao endebedamento bancario.

No prazo máximo dun mes desde que se subscriba, cancele ou modifique, unha operación de préstamo, crédito ou emisións de débeda, en todas as súas modalidades, os avais e garantías prestados en calquera clase de crédito, as operacións de arrendamento financeiro, así como calquera outras que afecten á posición financeira futura, concertadas por as Corporacións Locais ou as súas entidades dependentes incluídas no ámbito subxectivo da Orde, comunicarse ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas as condicións da operación e o seu cadro de amortización.

*Cadro resumo da estabilidade orzamentaria.*

Organismo	Gastos		Ingresos		Capacidade	
	Cap. I-VII. GNF	Cap. VIII-IX GF	Cap. I-VII. INF	Cap. VIII-IX IF	INF-GNF	IF-GF
<b>Entidade Local</b>	218.289.400,03	7.401.355,46	218.290.755,49	7.400.000,00	1.355,46	-1.355,46
<b>OA. X.M.U.</b>	6.956.764,37	25.000,00	6.956.764,37	25.000,00	,00	,00
<b>OA. IMD</b>	7.960.445,68	24.040,48	8.037.574,30	24.040,48	77.128,62	,00
<b>OA. EMAO</b>	1.254.761,22	12.000,00	1.254.761,22	12.000,00	,00	,00
<b>OA. VIGO ZOO</b>	1.514.646,64	9.000,00	1.514.646,64	9.000,00	,00	,00
<b>E. Consolidados/s.axuste</b>	235.976.017,94	7.471.395,94	236.054.502,02	7.470.040,48	78.484,08	-1.355,46
<b>Axustes de consolidación</b>	-15.357.559,41	,00	-15.357.559,41	,00		
<b>E. Consolidados/c.axuste</b>	220.618.458,53	7.471.395,94	220.696.942,61	7.470.040,48	78.484,08	-1.355,46

En resumo, tamén se cumpre con este requisito, polo que, cos datos e información da Liquidación do ano 2013, non se da traba legal algunha para concertar e formalizar a operación de préstamo que está prevista no estado de ingresos do orzamento por unha contía de 6.800.000 euros para a súa aplicación ao financiamento do plan de investimentos de ano 2014, da que se dará coñecemento á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira da Consellería de Facenda dá Xunta de Galicia, por ter previsto o artigo 49.1 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, a tutela financeira das entidades locais. En todo caso, este servizo fiscalizador, emitirá no momento procedemental oportuno, o preceptivo informe para avaliar se se cumpren as condicións para a concertación do endebedamento.



Á data na que se está a emitir o informe, o Concello de Vigo non ten en vigor ningún Plan Económico Financeiro. Tampouco hai Plan de axuste nin préstamos co fondo de pago a provedores (FFPP.)

En resumo, as condicións legais que debe cumprir a Entidade, son as que veñen dadas pola Lei Orgánica 2/2012 e Lei Orgánica 9/2013, nas que se fixan a obriga de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, o cumprimento da Regra de Gasto, o límite de endebedamento, que non supere o 110% dos ingresos liquidados por operacións correntes non financeiras que marca o TRLRFL, que se de cumprimento aos prazos de pagamento da débeda comercial, fixados en 30 días a partir da aprobación do documento cobratorio e 30 días para a súa aprobación.

En canto ao período medio de pago a acredores pola débeda comercial, no ano 2013 foi de 26,57 días, polo que, tamén se da cumprimento a este requisito.

Para poder avaliar se as bases de cálculo que se están utilizando para a formación dos estados de ingresos, esta Intervención analizou o comportamento que se da entre as previsións que se fan e as liquidacións que se fan ao remate do ano. Amósase unha comparativa entre as previsións de ingresos e o cumprimento das mesmas dos últimos seis anos, achégase o cadro comparativo

*Execución media dos estados de ingresos da entidade e dos estados consolidados dos últimos exercicios*

#### CADRO COMPARATIVO DA EXECUCIÓN DO ESTADO DE INGRESOS NOS ÚLTIMOS ANOS.

% Execución Estado Ingresos Entidade														
Anos														
Capí.	2008		2009		2010		2011		2012		2013		Media	
	DR	I	DR	I	DR	I	DR	I	DR	I	DR	I	DR	I
I	100,84	89,79	98,11	91,18	100,76	90,02	102,1	88,49	104,51	86,24	104,47	86,8	101,8	88,75
II	130,94	87,29	103,62	80,08	104,76	94,42	92,09	91,4	64,42	89,5	96,57	93,58	98,73	89,38
III	128,15	78,77	113,08	78,83	112,66	76,95	111,71	80,76	111,97	82,83	120,4	82,9	116,33	80,17
IV	108,61	95,93	106,54	95,25	103,76	93,25	102,25	97,43	101,49	97,6	103,24	97,15	104,32	96,1
V	182,99	99,08	115,72	98,71	74,75	96,08	72,29	95,65	84,89	97,52	115,6	94,89	107,71	96,99
VI		100		100		100		100		100				100
VII	55,25	96,94	102,22	65,55	89,85	80,11	176,98	37,22	99,05	2,39	99,36	0		
VIII	75,93	20,19	81,9	25,25	76,63	23,03	80,24	19,95	89,95	23,47	77,75	21,48		
IX	93,06		77,05		92,38		94,29		95,75	65,46	97,95	65,15		
<b>Total</b>	<b>105,85</b>	<b>84,6</b>	<b>102,69</b>	<b>82,68</b>	<b>100,7</b>	<b>79,97</b>	<b>104,07</b>	<b>84,04</b>	<b>102,75</b>	<b>88,03</b>	<b>106,06</b>	<b>88,29</b>		

O cumprimento das previsión estase a cumprir practicamente en todos os anos, sendo a porcentaxe dos dereitos liquidados maior cas previsións definitivas.

Tamén a recadación está a ter un bo comportamento, o que ven a xustificar a situación da tesourería, que de non acometer o plan de amortización extraordinaria da débeda, sería superior ca do ano 2013.





% Execución Estado Ingresos dos estados consolidados														
Anos														
Capí.	2008		2009		2010		2011		2012		2013		Media	
	DR	I	DR	I	DR	I	DR	I	DR	I	DR	I	DR	I
I	100,84	89,79	98,11	91,18	100,76	90,02	102,1	88,49	104,51	86,24	104,47	86,8		
II	130,94	87,29	103,62	80,08	104,76	94,42	92,09	91,4	64,42	89,5	96,57	93,58		
III	117,28	82,11	104,33	80,65	102,49	78,57	104,88	80,75	110,15	83,62	115,95	83,66		
IV	109	95,79	106,73	95,02	106,68	92,63	102,16	97,36	101,47	97,45	103,3	97,08		
V	183,58	99,13	106,85	98,73	73,43	96,11	72,16	95,76	83,53	97,53	116,03	95,13		
VI		100		100	0,76	100	102,58	100	100,13	100	100	100		
VII	55,55	90,63	102,18	65,42	90,12	78,1	166,14	31,25	99,69	5,51	99,67	15,28		
VIII	73,69	20,49	79,99	24,39	88,69	19,19	78,92	20,32	85,53	23,89	77,52	22,6		
IX	93,06	0	77,05	0	92,38	0	94,29	0	95,75	65,46	97,05	65,15		
<b>Total</b>	<b>105,09</b>	<b>84,69</b>	<b>101,63</b>	<b>82,6</b>	<b>96,48</b>	<b>79,77</b>	<b>102,98</b>	<b>83,44</b>	<b>102,55</b>	<b>87,62</b>	<b>105,57</b>	<b>88,08</b>		

Onde:

DR: Dereitos liquidados netos

I: Recadación neta sobre os Dereitos Liquidados

A execución por exercicios das previsións de ingresos vense cumprindo con carácter xeral por unha contía superior ao previsto.

As porcentaxes que aquí se incorporan foron obtidas a partires do orzamento definitivo, polo que se fixésemos a análise sobre os orzamentos iniciais, o grao de cumprimento sobre as previsións efectuadas sería, se cabe, máis elevada.

Nos capítulos de ingresos non financeiros, sempre se veñen superando as estimacións finais, polo que hai que prever que o informe económico de ingresos está a manexar datos e bases de cálculo que prevén que estas tamén se cumpran para o ano 2014.

Da información obtida da Liquidación dos Orzamentos do ano 2013, estase a reflectir na táboa anterior, o grao de cumprimento tanto en termos liquidativos como recadatorios, axústase ás previsións feitas para a formación do estado de ingresos para o ano 2013, que no seu conxunto, conforman a base do ano 2014. En canto a recadación, á do exercicio corrente hai que engadirlle a de exercicios pechados, que en síntese é a seguinte:

*Execución da recadación de exercicios pechados da entidade*

Tipo de ingreso	% por Anos				
	2009	2010	2011	2012	2013
Tributarios (capítulos I, II e III)	16,28%	8,52%	9,12%	8,78%	10,38%
Non tributarios (Capítulos IV e V)	30,75%	46,63%	33,11%	26,95%	27,22%
De capital (Capítulos VI e VII)	3,13%	82,88%	40,96%	76,38%	27,20%
Financeiros (Capítulos VIII e IX)	98,86%	97,92%	99,39%	98,36%	95,39%
Total	27,54%	31,03%	29,28%	23,78%	14,49%



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 57 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

### *Bases de Execución do Orzamento*

As Bases de Execución do orzamento, que forman parte do expediente do proxecto do orzamento, manteñen a liña de anos precedentes, introducindo os cambios de tipo normativo, así como axustes de redacción ou de tipo operativo. Incorpórase a Base 5ªbis, relativa ao Fondo de Continxencia, así como a incorporación no apartado 6 da Base 11ª da nova redacción dada ao artigo 34.3 da Lei Xeral Orzamentaria. Incorpórase unha nova Base a 22ª bis, para recoller os pagamentos diferidos pola adquisición de bens inmobles que recolle a DA Segunda do TRLCSP. Outra nova Base, a 55ª, na que se recollen as porcentaxes para a dotación á amortización dos activos materiais e inmateriais. Incorpórase unha DF SÉTIMA, relativa os cumprimentos da publicación do período medio de pago así como da necesidade da publicación do Plan de Tesourería.

Na Base 16ª, incorpórase un apartado 10, para facer referencia ao procedemento a seguir para a tramitación de competencias non propias.

Na Base 18ª incorpórase a letra j) ao apartado 2, para facer referencia ao rexistro de facturas e o seguimento das mesmas a través do mesmo.

Na Base 25ª, incorpórase un apartado 7 relativo a tramitación das cesións de crédito.

Na Base 28ª, engádesse un apartado 10, para establecer a preferencia na imputación orzamentaria e na tramitación das obrigas económicas que xurdan pola institución da validación ou do Recoñecemento Extraxudicial de créditos, todo elo sen prexuízo do previsto nos artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Na Base 31ª, que regula os contratos menores, recóllese a posibilidade que os actos de formalización do contrato e devolución de garantías constituídas, sexa competencia dos Concelleiro/as delegados/as.

Na Base 35ª, incorpórase o previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985, Réxime retributivo dos membros das Corporacións Locais en relación con RD-I 1/2014.

Na Base 34ª substitúese a fiscalización limitada pola fiscalización previa plena, xa que de feito é a que se ven facendo.

Na Base 38ª, relativa as subvencións, incorpórase a obriga de xustificar a execución dentro do ano que se outorgou a mesma, facendo a advertencia que o crédito que non chegase a fase de recoñecemento da obriga non será incorporable como remanente de crédito ao orzamento do ano seguinte. Nesta mesma Base, tamén se está a incorporar a obriga de dar a coñecer os beneficiarios das subvencións.

Na Base 40, recóllese a obriga de dar publicidade aos convenios en cumprimento do previsto na Lei 19/2013.

Nas Bases 19ª, 22ª e 45ª, recóllense referencia e procedementos para dar cumprimento ao pagamento das obrigas nos prazos que regula a normativa vixente de morosidade, así como a necesidade de axustar o Plan de Tesourería en función do cumprimento ou non dos prazos legalmente establecidos.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 03/04/2014 10:21	Páxina 58 de 61
Expediente 27/142	Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Incorpórase unha Disposición Final sétima en relación coa aplicación da Lei da Transparencia e das modificación da LOEOeSF.

Estrutúranse en 8 Títulos

I Normas Xerais

II Dos Gastos

III Dos ingresos

IV Dos Organismos Autónomos

V Das normas de Consolidación

VI Dos criterios para a dotación de saldos de dubidoso cobro e porcentaxes de amortización dos bens do activo.

VII Disposicións Adicionais

VIII Disposicións Finais.

Están desenvolvidas en 57 Bases, hai unha 5ª bis e unha 22ª bis, Sete Disposicións Adicionais e Sete Disposicións Finais.

#### *Tramitación e aprobación*

Finalmente, no que atañe á tramitación do Proxecto de Orzamento Xeral que se informa, sinalaremos que o Pleno da Corporación pronunciárase, previa aprobación do Proxecto pola Xunta de Goberno Local (art. 127 da Lei 7/1985) e do ditame da Comisión Informativa en relación á proposta da Concellería Delegada da Área de Economía e Facenda. A Comisión, en aplicación do artigo 98 do Regulamento Orgánico do Pleno, establecerá o calendario de tramitación e acordará a apertura dun prazo de presentación de emendas.

O acordo de aprobación, será único e deberá detallar os orzamentos que integran o Orzamento Xeral, non podendo aprobarse ningún deles separadamente (artigo 168.5 TRLRHL).

A proposta que se está a facer, recolle a aprobación do Orzamento da Entidade Local e dos seus Organismos Autónomos Administrativos dependentes da mesma, en consecuencia, o orzamento está integrado polo da:

- Entidade Local.
- Instituto Municipal dos Deportes (IMD).
- Parque das Ciencias Vigo Zoo (VIGOZOO).
- Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO).
- Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU).



Para aprobación do Orzamento non se require quórum especial, será aplicable o réxime xeral da maioría simple de votos a favor (artigo 47 da Lei 7/1985).

Polo que se refire á publicación dos acordos de aprobación dos orzamentos, estes veñen regulados non artigo 169 do TRLRHL, que establece:

- O Orzamento inicialmente aprobado exporase ao público previo anuncio no Boletín Oficial de Provincia, por un prazo de quince días hábiles.
- O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).
- Durante o indicado prazo, os interesados poderán examinar os orzamentos e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación.
- A aprobación definitiva do orzamento polo Pleno da Corporación realizarase antes do 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio en que deba aplicarse. Como xa se dixo neste informe, o proxecto tramítase extemporaneamente, isto non impide a súa tramitación e aprobación, xa que mentres tanto, está en vigor a prórroga do orzamento do ano 2013.
- O orzamento xeral, definitivamente aprobado, insertarase resumido por capítulos de cada un dos orzamento que o integren, no Boletín Oficial da Provincia.
- Contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do mesmo.
- Non terán a condición de interesados aos efectos de presentar reclamación perante o prazo de exposición pública, os Concelleiros que forma parte da Corporación, xa que teñen ao seu alcance os prazos que estableza a Comisión informativa para a presentación de emendas parciais ou a totalidade.
- De acordo co previsto no artigo 169.7 TRLRFL, unha copia do Orzamento e de todas as súas modificacións debe acharse a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva até a finalización do exercicio.

### Conclusións

En consecuencia co exposto, a xuízo desta Intervención Xeral, o expediente que conforma o Proxecto de Orzamentos que se presenta para o exercicio 2014, adecúa o seu contido á normativa vixente, as estimacións de recursos que nel se conteñen están calculadas de acordo a bases racionais tendo en conta a evolución histórica e á conxuntura económica, e o estado de gastos que conforma os empregos, á vista do informe económico, recolle as dotacións de forma axeitada para facer fronte aos compromisos contractuais.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 60 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

En canto aos gastos que se executen en relación ás dotacións orzamentarias que nel se conteñen, estarase ao ámbito de competencias das entidades locais, polo que, a súa dotación non habilita para o exercicio de competencias que non sendo propias, non teñan autorización para a súa execución.

O capítulo I, está dotado na súa totalidade para todas as prazas, inclusive as 164 vacantes, onde están incluídas as correspondentes a parte da OEP dos anos 2010-2011, a do ano 2012 e a do ano 2013. En todo caso, estas ofertas, 2012-2013, están delimitadas tan só para Policía Local e servizo de Extinción de Incendios, nunha taxa do 10% da TRE, polo que, se se producisen insuficiencias nas aplicacións que recollen as retribucións variables ou liquidación de sentenzas xudiciais (9220.1500000, 9220.1510000, 9220.1400000, 9220.1410000), tal e como se deixa constancia no epígrafe deste informe relativo ao capítulo I, as devanditas aplicacións pódense complementar con cargo aos créditos dotados nas mesmas que non estean executados até a data. En todo caso, as contratacións temporais, tanto laborais como interinaxes sen praza, deberán limitarse aos supostos de urxente necesidade e inaprazabilidade.

Ao marxe das posibilidades da suficiencia orzamentaria que posibilitan as vacantes tanto da OEP como as que non a conforman, o previsto no artigo 8 do RD-Lei 20/2012, de 13 de xullo en relación cos días de libre disposición, e a ampliación da xornada de traballo a 1.664 horas anuais, coadxuvaron a dar sustentabilidade a unha situación que está a xerar importantes axustes no número de empregados públicos, que ademais terá que xerar un menor gasto das devanditas aplicacións, e polo tanto, ao non ter crecemento algún o capítulo I, está a garantir a estabilidade orzamentaria e o cumprimento da Regra do gasto.

Non entanto o anterior, se algunha Lei incorporase algunha alteración en relación coa Cesión de Tributos ou co Fondo Complementario de Financiamento, ou o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral, deberase proceder a facelos axustes pertinentes.

O Proxecto de Orzamento para o ano 2014 que se somete a informe, cumpre coa Regra de Gasto, coa estabilidade orzamentaria, e a operación de préstamo prevista no capítulo IX do estado de ingresos, é posible concertala, xa que o índice de endebedamento ao peche do ano 2013 é do 16,66 por 100 dos recursos correntes non financeiros, ademais, a contía do orzamento, está na liña da información enviada ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación aos marcos orzamentarios, incluíndose neste proxecto o Fondo de Continxencia que obriga o artigo 31 da LOEOeSF.

O orzamento está a axustar a súa estrutura, dotacións, e sometemento ao bloque normativo que lle é de aplicación.

Por todo o anterior, dáse conformidade á proposta que se está a facer pola Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda.

En Vigo, a 3 de abril de 2014  
O Interventor Xeral Municipal  
Asdo.:Luis García Álvarez



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/04/2014 10:21

Páxina 61 de 61

Expediente 27/142

Código de verificación: 25EB3-843BB-84C5E-8EB24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>